Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16488 (12/POC-002701)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre a postura do Goberno galego ante a posibilidade de conceder a Isaac Alonso Estraviz a Medalla de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16489 (12/POC-002702)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a posibilidade de crear unha unidade especializada en alzhéimer e outras demencias na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés para mellorar a cobertura na atención a estes pacientes

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16490 (12/POC-002703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as previsións que ten o Goberno galego canto á adaptación da Lei do deporte de Galicia aos avances da lexislación estatal en materia de igualdade

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16491 (12/POC-002704)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre a evolución dos servizos prestados polo Centro Social das Camelias, de Ourense, e as previsións do Goberno galego ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 16492 (12/POC-002705)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a suficiencia da política de loita contra os residuos mariños que se está a desenvolver

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16493 (12/POC-002706)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre os problemas de accesibilidade e seguridade para a veciñanza xerados pola ampliación da vía de acceso ao Hospital Gran Montecelo, en Pontevedra

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16496 (12/POC-002707)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a reactivación dos equipos de dinamización da lingua galega nos centros educativos e as accións que prevé pór en marcha a Xunta de Galicia nesta materia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16498 (12/POC-002708)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre a nova ferramenta tecnolóxica Emi, que se está a implantar no Servizo Público de Emprego de Galicia co obxecto de cadrar a oferta e a demanda no mercado de traballo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16499 (12/POC-002709)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as políticas previstas polo Goberno galego para o fomento do exercicio físico e o deporte entre as galegas e os galegos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16500 (12/POC-002710)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o desdoblamento do tramo de estrada entre o concello de Sanxenxo e o do Grove para completar a autovía do Salnés e as previsións que ten a Xunta de Galicia co fin de evitar as retencións de tráfico nesta vía autonómica en época estival

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16501 (12/POC-002711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á realización de melloras nas estradas PO-317 e PO-316, no concello do Grove

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 16502 (12/POC-002712)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as razóns do estado das estradas PO-299 e PO-307 na Illa de Arousa e o prazo en que o Goberno galego prevé a execución de obras de rehabilitación e mellora nestas vías

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16503 (12/POC-002713)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a situación en que se atopa a estrada autonómica PO-213 no que concirne ao seu nivel de seguridade viaria

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16504 (12/POC-002714)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a política que a Xunta de Galicia prevé impulsar en materia de educación ambiental nos centros de ensino e no referido a campañas de sensibilización e de información neste campo orientadas á xente nova

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16505 (12/POC-002715)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a dotación sanitaria, en recursos humanos e técnicos, do Centro de Saúde de Arcade, en Soutomaior, así como sobre as previsións respecto do financiamento do novo centro de saúde deste concello

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16506 (12/POC-002716)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as diferenzas de cobertura dos servizos da HADO entre áreas sanitarias, a súa situación na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés e as condicións laborais do persoal sanitario que os integran

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16507 (12/POC-002717)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o grao de cumprimento da Lei de memoria histórica e do acordo acadado no Parlamento de Galicia en marzo de 2008 verbo da retirada da simbología e da nomenclatura franquistas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16508 (12/POC-002718)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis



Sobre a cooperación coa Administración local na loita contra a violencia de xénero, o estado en que está a actualización do Protocolo de coordinación e cooperación interinstitucional, así como sobre o labor de prevención efectuado e o que está previsto respecto desta materia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16509 (12/POC-002719)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a previsión que ten o Goberno galego respecto da negociación co Ministerio do Interior para renovar o convenio que regula a Unidade de Policía Adscrita de Galicia co fin de poder incrementar os seus efectivos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16510 (12/POC-002720)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o alcance das medidas de conservación da biodiversidade que se están a tomar en Galicia e o lugar que ocupa a nosa comunidade canto ao nivel de políticas de conservación e de protección das súas especies ameazadas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16511 (12/POC-002721)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre a evolución que está a ter o Plan galego de reprodución humana asistida 2024-2028

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16515 (12/POC-002722)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a situación e as eventuais medidas de mellora no transporte metropolitano da área da Coruña, e singularmente na conexión co Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16276 (12/POC-002723)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre o balance que ofrece o desenvolvemento do Plan de nova arquitectura pedagóxica

Comisión 4ª, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

María Elena Candía López

Vicepresidenta 1ª





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Axencia Galega de Emerxencias participa dende o ano 2011 no programa ARIEM, que é un programa de asistencia recíproca interrexional no que participan tamén Castela e León e norte de Portugal e que ten coma obxectivo o establecemento dun mecanismo de colaboración entre os servizos responsables da xestión e mobilización de recursos ante emerxencias relevantes ocorridas nesta zona.

Este programa na actualidade atópase na prórroga dunha segunda fase denominada ARIEM+ que ten coma obxectivo a implantación de ferramentas informáticas e de telecomunicacións comúns, a formación conxunta e a implantación de protocolos de intervencións comúns que permita crear un marco de cooperación transfronteiriza e racionalizar e optimizar recursos e en consecuencia incrementar a eficacia e a calidade do servizo.

Para poder cumprir este obxectivo o goberno da Xunta de Galicia no ano 2021 licitou pola vía de procedemento aberto a adquisición de 110 terminais tipo tablets para o uso da aplicación ARIEMMOVIL por un valor de 80.333 €, coa cofinanciación nun 75 % do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Este contrato de subministro foi adxudicado á empresa INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, SLU por un importe de 78.134,78 € en data 25-11-2021.





Pois ben, transcorridos mais de 3 anos na web de transparencia da Xunta aínda non aparece executado ese contrato, polo que dende o grupo socialista preguntámonos: onde se atopan eses terminais tablets e porque non se repartiron entre o persoal que actúa en materia de emerxencias?

Entendemos que esa falla de execución é unha irresponsabilidade por parte deste goberno, e este incumprimento que está a limitar a capacidade de resposta da nosa Comunidade Autónoma ante unha situación de emerxencia grave ao privar dos medios tecnolóxicos necesarios para garantir a coordinación e dirección ante estas situacións.

É por iso polo que instamos ao goberno da Xunta a aclarar os motivos que xustifican, no seu caso, o atraso de máis de 3 anos na entrega dos terminais tablets .

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Transcorrido máis de 3 anos dende a adxudicación do contrato de subministro de 110 terminais tablets para o uso da aplicación ARIEMMOVIL, por que non foi entregado ese material entre o persoal de emerxencias?
2. Cando ten previsto este goberno proceder á distribución destes terminais tablets para o uso da aplicación ARIEMMOVIL entre o persoal de emerxencias?

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 10:22:25
Nº Rexistro: 16305
Data envío: 08/01/2025 10:22:25.078

Paloma Castro Rey na data 08/01/2025 10:17:43

Patricia Iglesias Rey na data 08/01/2025 10:17:57

CSV: BGRISIRBQ-HN3M5XpH45.2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58015

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **Preguntas para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a aplicación da atenuante de dilacións indebidas e as súas causas e consecuencias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai tempo que dende o grupo parlamentar do BNG vimos expresando a nosa preocupación polas elevadas rebaixas nas penas en delitos de extraordinaria importancia, tanto polo ben xurídico protexido, como pola alarma social que provocan; facendo que condutas de enorme gravidade sexan sancionados con penas que os medios de comunicación cualifican como “irrisorias”.

No mes de novembro de 2023 a Sección Segunda da Audiencia Provincial de Ourense impuña unha pena de 11 anos e medio de prisión, como autor criminalmente responsable de varios delitos contra a liberdade e integridade sexual (abusos e agresións sexuais e violación) cometido sobre unha menor de idade, apenas 9 anos no momento en que se iniciaron as agresións sexuais obxecto de condena. A pena imposta foi substancialmente inferior á solicitada pola acusación particular e polo Ministerio Público, debido á aplicación da atenuante de dilacións indebidas. O Tribunal apreciou que a tramitación do procedemento excede notoriamente o lapso temporal entendible como razoable para unha causa desa índole e non cualificable como complexa. Incoouse en marzo de 2015 e a vista celebrouse no mes de setembro de 2023, remontándose os feitos obxecto de axuizamento aos anos 2009 e 2013.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai apenas uns meses eran 10 as persoas acusadas de estafa continuada, falsidade documental e mercantil que viron reducidas as súas condenas nun caso a 5 meses de prisión, fronte os 8 anos que solicitaba a acusación, as penas a outros encartados non pasaron dunha mera sanción pecuniaria. Unha “macroestafa” de moitos centos de miles de euros saldábase cun exiguu reproche penal como consecuencia da aplicación da atenuante de dilacións indebidas.

Porén, sen dúbida foi a sentenza da Audiencia Provincial de Lugo de xaneiro de 2023 a que maior alarma e indignación social espertou. Tres persoas eran condenadas a 3 anos de prisión pola violación dunha nena de 7 anos durante 6 anos, ate que aos 13 quedou embarazada. Máis unha vez a razón de tan reducida condena por unhas accións tan atroces foi a aplicación da atenuante de dilacións indebidas, isto é, a extraordinaria e inxustificada demora na tramitación do procedemento, non atribuíble á inculpada e que non teña orixe na complexidade da causa.

Recentemente unha coñecida macrocausa por corrupción seguida nos Xulgados de Instrución de Lugo remataba cunha sentenza da Audiencia Provincial na que a responsabilidade máis elevada saldábase cunha condena de dous anos e medio de privación de liberdade pola comisión de delitos de prevaricación, suborno, violación do deber de segredo e branqueo de capitais, e no resto dos supostos e por similares ilícitos o reproche foi notablemente inferior e, en todos os caso, pola aplicación da atenuante de dilacións indebidas moi cualificada.

A falla de medios na administración de xustiza ou eivas na organización xudicial esta a provocar que queden impunes, ou cun reproche moito inferior ao previsto, condutas dunha gravidade e transcendencia como as expostas anteriormente, ou como o tráfico de drogas ou contra a seguridade colectiva.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A transmisión social da impunidade ou do exíguo reproche na comisión de feitos de tanta gravidade provoca a total ineficacia da prevención xeral -evidentemente tamén da particular – que supón o establecemento das penas.

Tanto é así, que este grupo parlamentar xa presentou diversas iniciativas para solicitar á Xunta de Galiza información sobre a evolución da aplicación desta atenuante, e para promover as medidas necesarias para corrixir as disfuncións que dan lugar a súa aplicación.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cal foi evolución na última década do número de sentencias nas que se aplicou a atenuante de dilacións indebidas, en que concretos órganos xurisdiccionais e cal foi tipo de materia e as razóns que deron lugar a apreciación da referida atenuante?

Considera a Xunta de Galiza que a demora inxustificada na resolución dos procedementos xudiciais prexudica a lexítima confianza da cidadanía no funcionamento dos xulgados e tribunais?

Que actuacións ten promovido ou posto en marcha a Xunta de Galiza para evitar se produzan dilacións indebidas na instrución e resolución de procedementos xudiciais de carácter penal?

Un incremento do cadro de persoal nos xulgados e tribunais e nas institucións auxiliares aos órganos xurisdiccionais permitiría unha maior axilización na tramitación e resolución dos procedementos xudiciais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 08/01/2025 10:51:30

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/01/2025 10:51:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Oscar Insua Lema, Iria Taibo Corsanego, Iago Suárez Fernández e Cristina Fernández Davila, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, relativa ao envío de documentación ao Parlamento e contratación dunha auditoría sobre os contratos co grupo EULEN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta do PP leva anos vetando de xeito sistemático o envío de documentación solicitada polo BNG ao abeiro do artigo 9.

Un dos exemplos máis claros desta falta de transparencia e deste obstrucionismo ao labor de fiscalización da oposición é a negativa a enviar a documentación da contratación relacionada coa COVID, a denegación dos contratos de emerxencia asinados coas empresas UNIVERSAL SUPPORT, SIBUCU 360 ou MAPE ASESORES, por valor de máis de 30 millóns de euros e adxudicados a dedo entre abril de 2020 e decembro de 2021.

Outro exemplo de obstrucionismo e ocultación é o relacionado coa contratación da Xunta co grupo EULEN, coa que a administración autonómica asinou contratos por valor de máis de 55 millóns de euros desde o ano 2009, entre eles 1.361 contratos menores por valor de 4.8 millóns de euros adxudicados a dedo nos últimos 5 anos. Dáse ademais a circunstancia de que moitos destes contratos foron adxudicados por entes instrumentais da Xunta e están rodeados de irregularidades como fragmentación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contratos para evitar a concorrência pública ou o encadeamento de contratos ano tras ano.

O último episodio desta relación privilexiada da Xunta con este grupo empresarial foi a recente adxudicación dun contrato de seguridade dos hospitais e centros de saúde da área Santiago-Barbanza, adxudicado a EULEN por valor de 3.899.058 euros.

Desde o BNG consideramos que é unha obriga da Xunta e un mandato parlamentario o envío da documentación solicitada polos deputados e deputadas e que ten que rematar o veto do envío desta documentación ao Parlamento. E ademais é preciso actuar con máxima transparencia e información en relación coa contratación co grupo EULEN. A mellor maneira de demostrar que non hai nada que ocultar é garantir o acceso á información e a realización dunha auditoría externa e independente.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Ten previsto a Xunta enviar ao Parlamento toda a documentación solicitada en relación cos contratos de emerxencia da COVID e nomeadamente os expedientes de contratación coas empresas UNIVERSAL SUPPORT, MAPE ASESORES e SIBUCU 360 nos anos 2020 e 2021, cuxa consulta directa foi prohibida por responsábeis da Consellaría de Sanidade a dous deputados do BNG no mes de xullo de 2024?

Ten previsto a Xunta contratar unha auditoría externa e independente en relación con todos os contratos adxudicados pola administración autonómica ao grupo EULEN desde o ano 2009, estudando os diferentes tipos de contratación e analizando de xeito





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

específico a contratación menor con este grupo empresarial por parte da Xunta e os seus entes instrumentais ao longo do período 2009-2024?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Luís Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Oscar Insua Lema
Iria Taibo Corsanego
Iago Suárez Fernández
Cristina Fernández Davila
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/01/2025 11:03:38

Luis Bará Torres na data 08/01/2025 11:03:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Óscar Insua Lema na data 08/01/2025 11:03:52

Iria Taibo Corsanego na data 08/01/2025 11:03:59

Iago Suárez Fernández na data 08/01/2025 11:04:06

Cristina Fernández Davila na data 08/01/2025 11:04:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a supresión de criterios discriminatorios nas liñas de axudas non competitivas da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, cada vez é máis frecuente comprobar como nas convocatorias de axudas da Xunta de Galiza dirixida tanto a concellos como particulares, se conceden estas atendendo exclusivamente á orde cronolóxica de entrada das solicitudes, e ata o límite do orzamento dispoñible nesas mesmas convocatorias.

As bases reguladoras para a concesión desas subvencións, en réxime de concorrência non competitiva, teñen en común dous criterios, que as solicitudes deben facerse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galiza, e que se conceden atendendo exclusivamente ao seu orde de entrada.

A Xunta de Galiza, para a utilización deste criterio ampárase na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza, en concreto no artigo 19.2, que permite excepcionar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento até o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da mencionada lei. Ademais tramítaas a través do procedemento abreviado regulado no artigo 22 da Lei 9/2007, no que unicamente deberase comprobar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención, polo que non intervéñen en ningún caso un órgano avaliador.

O certo é que cada vez con máis frecuencia, están a utilizar este sistema en convocatorias de axudas de múltiples e diversas materias, tanto dirixidas a concellos como a persoas. Desde a Axencia de turismo ate a Axencia Galega das Industrias Culturais, Augas de Galiza, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, Consellería de Cultura, Consellería de Educación, Instituto de Estudos do Territorio, Consellería do medio rural, Axencia Instituto Enerxético de Galicia, e moitos outros organismos e Consellerías e en todo tipo de bonos dende os culturais ata os deportivos ou os de turismo.

O certo é que este método de concesión vulnera os principios de igualdade e non discriminación recollidos no artigo 5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza, e que deberan terse en conta na xestión das axudas. Igualmente vulnera os mesmos principios, establecidos no artigo 4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galiza, que obriga ao sector público autonómico a axustar a súa actuación, entre outros, ao seguinte principio xeral:

“ b) Facer efectivo o principio de igualdade e non-discriminación, co obxectivo de que o uso de medios electrónicos non poida implicar en ningún caso a existencia de discriminacións para os cidadáns e as cidadás, tanto respecto do acceso á prestación de servizos públicos coma respecto de calquera actuación ou procedemento, así como por razón de discapacidade ou dificultades especiais. Así mesmo, garantir a accesibilidade dos sistemas, das aplicacións, dos sitios web e das aplicacións para dispositivos móbiles”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta discriminación prodúcese en base a diferentes motivos:

Por unha banda, no que respecta ás persoas, non todos os galegos e galegas teñen acceso a medios electrónicos, e tampouco os mesmos coñecementos dixitais para competir en igualdade de condicións ante unha convocatoria que se rexe polo acceso inmediato e a rapidez da solicitude.

Por outra banda, no que respecta tanto a persoas como aos organismos institucionais, non toda a cidadanía conta con dispositivos de comunicación que teñen a mesma capacidade e velocidade, ou cobertura nas conexións, como ocorre na maioría dos concellos do medio rural, onde queda moito por facer para suturar a brecha tecnolóxica que arrastramos en Galiza.

E en relación ás axudas destinadas ás entidades locais, resulta sorprendente que en determinadas convocatorias que esixen a presentación dun proxecto, non sendo estas as ordinarias que se convocan anualmente e tramitándose estas por procedemento non competitivo, haxa concellos que cumprimenten a solicitude satisfactoriamente en tempo. Ante estes feitos, só existe unha explicación racional, que non é outra, que igual só coñecen de antemán a futura convocatoria uns poucos e agraciados concellos, que cumprirán en tempo e forma os requisitos antes de que se esgote o crédito orzamentario.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Cal é a razón pola que a Xunta de Galiza segue utilizando nas convocatorias de axudas e subvencións en réxime de concorrência non competitiva o criterio que atende exclusivamente á orde cronolóxica de entrada das solicitudes para a súa concesión, cando se teñan que facer obrigatoriamente por medios electrónicos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Son conscientes de que estes procedementos discriminan aos cidadáns galegos que ou ben non teñen os medios tecnolóxicos ou non teñen os coñecementos suficientes para usalos en igualdade de condicións que outros?

-É consciente a Xunta de Galiza que as telecomunicacións non teñen a mesma capacidade, velocidade ou cobertura en todos os lugares do noso país?

- Vai o goberno galego a eliminar este tipo de prácticas nas convocatorias de axudas e subvencións que aprobe?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 08/01/2025 11:07:31

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/01/2025 11:08:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a autorización para desempeñar actividades no sector privado da ex-directora da Axencia Galega de Innovación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de xuño a Xunta de Galiza autorizou a dona Patricia Argerey Vilar o desempeño do posto de traballo como “*responsable da área de estratexia do departamento de desenvolvemento corporativo*” da mercantil “Cipherbit”. A Sra. Argerey Vilar ocupou o posto de directora da Axencia Galega de Innovación dende o ano 2016 ate o 24 de abril de 2024, data de publicación do acordo do Consello da Xunta de Galiza de 22 de abril no que se acordaba o seu cesamento.

A mercantil Cipherbit, S.L. é unha das marcas, xunto con Tecnobit, UAV Navigation, Instert, coas que actúa o grupo de enxeñería Oesía. A empresa tecnolóxica Cipherbit, dedicada ao desenvolvemento de hardware e software de seguridade, foi constituída o 15 de xullo de 2020 pola empresa Oesia Networks, S.L., como propietaria única da mesma, e que ten a súa orixe na empresa Tecnobit, S.L.

A mercantil Cipherbit, S.L. na que a Xunta de Galiza autoriza a traballar como responsable da área de estratexia a ex-directora da Axencia Galega de Innovación, e a mercantil Tecnobit, S.L. non só teñen o mesmo propietario, con membros comúns en ambos consellos de administración, senón que ate o domicilio social é o mesmo. Xa que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

logo non existe dúbida sobre da identidade da relación corporativa entre a mercantil CIPHERBIT, S.L. e a TecnoBIT, S.L.

No parágrafo 1º do art. 45 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, de aplicación a efectos de determinar a procedencia da autorización para o exercicio de actividades privadas tras o cesamento dun alto cargo, establécese que;

Durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolución no exercicio do cargo

Resulta que o día 18 de abril de 2024 dona Patricia Argirey Vilar, na condición de Directora da Axencia Galega de Innovación, asinou a adxudicación a UTE AERTEC – TECNOBIT CUI GALICIA formada polas empresas Aertec e TecnoBIT, S.L., do desenvolvemento precomercial de plataformas, instrumentación, sistemas e aplicacións de vehículos e sistemas aéreos non tripulados, por un importe de 21.684.538,52€.

Xa que logo a Directora da Axencia Galega de Innovación, 4 días antes de que o Consello da Xunta acordara, a proposta da Conselleira de Economía e Industria, o seu cesamento, resolveu a adxudicación dun contrato de contía superior aos 21 millóns de euros a unha UTE integrada por unha empresa do grupo no que empezaría a traballar apenas dous meses despois. A relación existente entre a empresa adxudicataria dun contrato de máis de 21 M€ e a empregadora da ex-alto cargo da Xunta que permite, canto menos, cuestionar a procedencia da autorización de compatibilidade outorgada pola Xunta de Galicia.

Ante a aparencia de estarmos ante un novo caso de “portas xiratorias” coa autorización da propia Xunta de Galiza, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coñecía a Xunta de Galiza a relación e vinculación societaria entre as mercantís Tecnobit e CIPHERBIT?

Cal é coñecemento que tivo e cando e como coñeceu esa relación?

En cantos procedementos nos que participaran e/ou concorreran as mercantís Tecnobit, CIPHERBIT ou calquera outra das integradas no grupo Oesía interveu dona Patricia Argerey Vilar na súa condición de Directora da Axencia Galega de Innovación?

En que data decidiu a Conselleira de Economía e Industria o cesamento da Directora da GAIN e cando lle comunicou que ía propor o seu cesamento no cargo?

Como valora a Xunta de Galiza que a Sra. Argerey Vilar resolvera a adxudicación dun contrato de importe superior aos 21 millóns de euros a unha empresa con relación societaria e do mesmo grupo da mercantil á que entrou a traballar semanas despois?

Considera a Xunta de Galiza que a resolución dun expediente adxudicando un contrato por importe superior a 21 m€ debe ser considerado como intervir nun expediente administrativo?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/01/2025 11:14:32

Óscar Insua Lema na data 08/01/2025 11:15:29

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 08/01/2025 11:15:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre para fomentar a cooperación e colaboración dos concellos na xestión dos servizos públicos e mellorar a eficiencia na xestión dos seus recursos e a súa financiación..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 19 de setembro, deuse a coñecer en Santiago de Compostela, nun acto da Consellería de Presidencia, a presentación do estudo non vinculante 'Reforma do mapa municipal de Galiza' para o impulso de procesos de fusión entre concellos, elaborado pola Fundación “Juana de Vega” e polas tres universidades galegas, e na que participaron varios autores dun equipo especializado na caracterización socioeconómica e demográfica dos municipios galegos. O estudo encargado polo propio presidente Alfonso Rueda hai dous anos, sendo vicepresidente, foi financiado inicialmente a través dun convenio de 72.600 € asinado no mes de outubro do 2021, e no ano 2022 por outro convenio de 1,5 millóns de euros asinado coa mesma fundación e con cargo aos orzamentos do ano 2022.

O estudo recolle a organización político-administrativa de Base local en Europa, Estado español e Galiza, así como a evolución da planta municipal ao longo da historia no noso país, dende a creación dos concellos como tales. Repasa as formas de cooperación municipal, como as comarcas, mancomunidades, áreas metropolitanas e consorcios desde unha perspectiva xeográfica, analizando as fortalezas e debilidades destas entidades, observando ao tempo o marco xurídico a manexar nesta materia, e en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concreto nos procesos de fusións municipais. No texto publicado, os autores argumentan a conveniencia dos procesos de fusión dende a perspectiva económica, aportando un estudo comparativo dos orzamentos de ingresos e gastos dos concellos en Galiza e no estado Español en función do número de habitantes e a súa implicación en materia de fusións. Aportan un estudo sociolóxico de 1.000 entrevistas, realizado entre o 31 de xaneiro e o 17 de febreiro de 2022, para coñecer a opinión da cidadanía galega sobre as fusións municipais e outras alternativas de adaptación da planta local. Por último, os autores elaboran unha análise dos procesos de fusión en Galiza (Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade) e de outros potenciais procesos de fusión ou agregación municipal, en concreto as fusións de Santiago de Compostela e Teo, Noia e Lousame, Sanxenxo e Meaño, Alfoz e O Valadouro, O Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín, a fusión dos concellos da comarca do Deza, e a fusión de Lalín-Rodeiro-Dozón. Remata o traballo cunha relación de 14 propostas de actuacións para incentivar os procesos de redimensionamento da planta local galega.

O informe da fundación chega tarde, tendo en conta que os traballos xa estaban rematados a mediados do ano pasado, mais o PP decidiu facelo público, de forma interesada e calculada, nun momento no que o sistema de financiación dos concellos está en entredito por insuficiente, e debe ser superado despois da última reforma aprobada hai xusto vinte anos, pois é unha demanda unánime da FEGAMP, onde todos os alcaldes e alcaldesas, de todos os partidos políticos entenden que chegou o momento de adoptar os acordos necesarios para aumentar a financiación dos municipios galegos, e poidan ofrecer sen afogo económico os servizos que prestan á cidadanía, tanto os que son de competencia propia, como de competencias impropias que executan de forma obrigada por delegación doutras administracións. A proposta do goberno galego de fusionar concellos para mellorar a súa financiación é unha escusa, a cortina de fume perfecta, para evitar aumentar nos vindeiros orzamentos de 2025 a partida orzamentaria do Fondo de Cooperación Local, a través do cal se realizan as transferencias aos concellos, como resultado da obrigada participación destes nos impostos da Xunta. De





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

feito, a conclusión n.º 5 recomenda abordar de maneira urxente e inaprazable a reforma do financiamento local para reforzar a autonomía municipal e reducir a actual dependencia económica dos concellos das subvencións, unha proposta que durante anos ao PP galego parece entrarlle por unha orella e saírlle pola outra, ao negarse a aumentar o orzamento do FCL, de forma incondicionada e con cargo a eliminación das liñas de axudas destinadas aos concellos de carácter condicionado, polo que esperamos con inquietude a resposta do goberno galego: si acata as propostas dos expertos ou se limita simplemente a observar como convidado de pedra.

O PP xerou deliberadamente un debate para difuminar a cerna da problemática municipal, pois de todos é sabido que ata 2021, só Galiza protagonizou as únicas dúas fusións de concellos en España nas tres últimas décadas: Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade, fusións que non lograron ser exemplos de evolución demográfica nin de sostibilidade financeira, pois as arcas municipais melloraron pola inxección dos incentivos nas distintas axudas da Xunta, mais de non existir estas, a fusión non melloraría a súa financiación de forma autónoma.

As conclusións do informe amosan que a cidadanía ten unha predisposición favorable á fusión voluntaria dos concellos con ata un 83%, e considera que a redución do número destes melloraría a súa capacidade de prestación de servizos, mais a porcentaxe redúcese cando se pregunta polas fusións no propio concello. De feito, ante as primeiras declaracións negativas dos alcaldes dos concellos escollidos como cobaías, o propio conselleiro de presidencia apurouse o mesmo día da presentación a afirmar que “A Xunta non vai a fusionar a ninguén obrigatoriamente e que non se fixo o estudo para fusionar obrigatoriamente pois o camiño é a voluntariedade”. Unha voluntariedade que a realidade e a historia demostra que non existiu nin parece existir, polo que a divertida aposta estratéxica do PP saíulle cara aos cidadáns, pois co custo dos mesmos ben podían sufragar 80.000 horas do SAF.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Si o propósito das fusións non é outro que optimizar recursos para mellorar a eficacia e eficiencia dos servizos, é indiscutible que ese mesmo fin se pode conseguir a través da creación e impulso de mancomunidades comarcais, áreas metropolitanas ou consorcios, transferíndolle competencias, persoal e financiamento para xestionar conxuntamente servizos e optimizar así recursos e gasto, e sen perder a identidade e idiosincrasia a que se lle teme cunha fusión municipal. Bo sería, que a tan pregonada reforma da Lei da Administración Local de Galiza, que parece que tamén chegará tarde, se centrara en potenciar e fomentar estas entidades supramunicipais, que axudarían dende logo a estruturar o territorio comarcal noutras áreas distintas dos servizos, e en resolver a delimitación de forma concreta e precisa das competencias de cada administración.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Cal foi o verdadeiro motivo polo que se retrasou a presentación do informe, tendo en conta que hai máis de un ano que remataron os traballos encargados? Evitaron a propósito o debate nas eleccións galegas por medo a perder apoios?

-Promoveu o goberno galego a escolla concreta das propostas de fusións no informe? Que criterios ou razóns utilizaron para determinar esas posibles fusións?

-Teñen coñecemento por medio dos alcaldes que coñecen si nesta lexislatura se fusionarán algúns concellos limítrofes?

- Descartando o conselleiro a obrigatoriedade das fusións, vai a adoptar o goberno galego algunha medida eficaz a curto prazo para incentivar a colaboración e cooperación entre concellos para que estes melloren a prestación dos servizos reducindo custos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Teñen pensado encargar un novo informe para analizar e estudar as vantaxes e inconvenientes da existencia en Galiza de administracións paralelas, desfasadas e ilóxicas, tendo en conta que dende 1978 apostouse por un modelo autonómico distinto ao anterior?
- Que medidas vai a tomar o goberno galego de forma inmediata para paliar o actual afogo económico producido polo insuficiente financiamento dos servizos de competencia autonómica prestados polos concellos?
- Ten pensado o goberno galego cumprir algunha das 21 resolucións en materia de financiamento local aprobadas pola XI Asemblea Xeral da FEGAMP celebrada o ano pasado?
- Ten pensado o goberno galego cumprir coa conclusión 5ª do informe e plasmala nos orzamentos do ano 2025?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 08/01/2025 11:37:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/01/2025 11:37:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a solicitude de transferencia de competencias sobre as facultades na creación e xestión do corpo de funcionarios da Administración local.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal ditouse no ámbito das competencias que o artigo 149.1. 14.^a e 18.^a da Constitución atribúe ao Estado, e que trae causa da propia Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e regula o novo réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal, co fin de, entre outros obxectivos, garantir a profesionalidade e a eficacia das funcións de control interno nas Entidades Locais.

O artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía de Galiza establece que no marco do presente Estatuto corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias: Organización e réxime xurídico das comarcas e parroquias rurais como entidades locais propias de Galiza, alteracións de termos municipais comprendidos dentro do seu territorio e, en xeral, as funcións que sobre o Réxime Local correspondan á Comunidade Autónoma ao amparo do artigo 149.1.18º, da Constitución e o seu desenvolvemento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E o artigo 28.1 do mesmo establece que é competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma estableza, das seguintes materias: Réxime Xurídico da Administración Pública de Galiza, e réxime estatutario dos seus funcionarios.

O artigo 241 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galiza atribúe de xeito expreso á Comunidade Autónoma de Galiza as competencias de execución, dentro do marco da lexislación básica do Estado sobre clasificación de postos, nomeamentos provisionais, comisións de servizos, acumulacións e permutas, dentro do seu ámbito territorial. A normativa básica do Estado está constituída por tanto polo Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, que como ben dixemos, regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal.

Así pois, segundo o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, son competencias, entre outras, da Dirección Xeral de Administración local a execución das competencias que, con respecto ao persoal funcionario con habilitación de carácter estatal, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galiza, e en concreto do seu Servizo de Réxime Xurídico e Xestión de Persoal Funcionario con Habilitación de Carácter estatal as seguintes:

- O asesoramento en materia de función pública local no seu ámbito competencial.
- A distribución do papel numerado para actas e resolucións das entidades locais.
- A tramitación da provisión de postos con carácter non definitivo e o exercicio das competencias que lle corresponden á Comunidade Autónoma respecto dos concursos de traslados e libre designación de habilitados/as nacionais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-A tramitación dos expedientes de creación, clasificación e supresión de postos reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, así como os de constitución e disolución de agrupacións de entidades locais para o sostemento dos ditos postos e os das exencións regulamentariamente establecidas.

-A dirección e xestión do Rexistro autonómico de persoal funcionario con habilitación de carácter estatal e a coordinación e integración co Rexistro estatal do dito persoal funcionario.

-A elaboración de informes sobre os recursos que se presenten en materia de persoal funcionario con habilitación de carácter estatal.

-Aqueloutras que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Nos artigos 92 e 92.bis da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establécese que o Goberno, mediante real decreto, regulará as especialidades da creación, clasificación e supresión de postos reservados a estes funcionarios de Administración local habilitados, así como as que poidan corresponder ao seu réxime disciplinario e de situacións administrativas. Igualmente lle corresponderá ao Estado, a través do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, conforme ás bases e programas aprobados regulamentariamente, a aprobación da oferta de emprego público, selección, formación e habilitación dos mesmos, e tamén que será o Goberno, mediante real decreto, o que regulará as especialidades correspondentes da forma de provisión de postos reservados a estes funcionarios.

Mais temos que lembrar que non sempre foi así, pois a disposición adicional segunda da derogada Lei 7/2007 do estatuto básico do empregado público establecía que a convocatoria da oferta de emprego, co obxectivo de cubrir as vacantes existentes das prazas correspondentes aos funcionarios a que se refire o apartado 1.2, correspondía ás Comunidades Autónomas. Así mesmo era de competencia das Comunidades





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Autónomas a selección dos devanditos funcionarios, conforme aos títulos académicos requiridos e programas mínimos aprobados reglamentariamente polo Ministerio de Administracións Públicas. E mandaba as Comunidades Autónomas publicar as convocatorias das probas selectivas dos funcionarios con habilitación de carácter estatal nos seus Diarios Oficiais e remitilas ao Ministerio de Administracións Públicas para a súa publicación no BOE.

En consonancia co anterior, no ano 2009 aprobaríase o Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galiza respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, aprobándose co obxectivo de entre outros, regular no tocante á provisión dos postos:

1) a convocatoria e desenvolvemento do concurso ordinario, a introdución de criterios de obxectividade de cara á determinación polos concellos dos méritos específicos, redefinición e avaliación dos méritos autonómicos, exercicio das funcións que corresponden en relación ao concurso unitario, así como nos supostos de provisión por libre designación e procedemento a seguir.

2) Regular, pormenorizadamente, as formas de provisión non definitiva, establecendo as prevalencias entre elas e aclarando aspectos confusos que veñen dándose na práctica.

3) Prever as directrices relativas á selección destes funcionarios e promoción dos mesmos, contando na súa execución coa Escola Galega de Administración Pública.

Pero foi a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, a que modificou novamente a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, para regular o novo réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal, co fin de, entre outros obxectivos, garantir a profesionalidade e a eficacia das funcións de control





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

interno nas Entidades Locais, evitar os problemas de solapamentos competenciais entre Administracións ata agora existentes e reforzar o papel da Administración Xeral do Estado en relación cos estes funcionarios, ao asumir a selección, formación e habilitación destes funcionarios, así como a asignación dun primeiro destino.

Segundo os datos publicados no Portal da Administración local de Galiza “Eido Local” da Xunta de Galiza, dependente da Dirección Xeral da Administración local, os postos vacantes sen titular de habilitados nos concellos a data do mes de xullo de 2024 son 156, entre interventores, tesoureiros e secretarios de diferentes clases. A isto hai que sumarlle que existen 67 acumulacións, 54 nomeamentos interinos e 43 prazas sen ocupantes. Apenas hai unha semana que publicaron nesa web a lista sobre postos de vacantes que se anuncian por se houberse persoas funcionarias de Administración local con habilitación de carácter estatal interesadas na súa cobertura mediante comisión de servizos, acumulación ou nomeamento provisional.

Esta situación provoca que moitos concellos teñan departamentos paralizados ou cunha carga de traballo acumulada significativa, situacións que provocan a diminución de forma considerable a súa capacidade de xestión, ao non contar co persoal especializado para desempeñar as tarefas encomendadas a estes funcionarios ao servizo da Administración local, e que na maioría dos casos só poden realizar eles mesmos. A propia Xunta de Galiza, dende fai uns anos, a través da orde do 30 de novembro de 2017 estableceu o procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter estatal, co obxectivo de cubrir o aumento de prazas vacantes de xeito mais ou menos constante. A realidade é que hoxe temos un escenario nefasto que prexudica xa a moitos concellos galegos, con un número considerable de consistorios municipais sen dito persoal, e co inconveniente de que non existe unha regulación homoxénea dos complementos salariais deste habilitados, amparada no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

principio da autonomía local, o que provoca competencias inútiles entre eles, e deixando aos concellos con menos recursos sen habilitados.

É necesario pois, que en vez de sinalar constantemente como responsable de todos os problemas ao estado, sexa o goberno galego, como mellor coñecedor da realidade galega, o que colla as rendas desta competencia, e impulse a creación dun corpo de funcionarios ao servizo da Administración local de Galiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Que medidas está a adoptar a Xunta de Galiza para dar solución ao aumento de vacantes de habilitados nos concellos galegos?

- É consciente o goberno galego da problemática existente e do escaso éxito da procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local?

-Considera a Xunta de Galiza que as remuneracións dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal debера ser regulada e homoxeneizada en toda Galiza segundo escalas e clases para evitar que nos concellos con menos recursos queden sen cubrir estas prazas?

-Existe algunha razón pola que o goberno galego se negue a solicitar e exercer as competencias de Galiza respecto dos/as funcionarios/as da Administración local habilitados, e así dar unha resposta máis eficiente ao problema do aumento de vacantes nos concellos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai a Xunta de Galiza solicitar ao goberno español a transferencia das facultades previstas no artigo 92.bis da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/01/2025 11:43:20

Óscar Insua Lema na data 08/01/2025 11:43:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Oscar Insua Lema e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a construción do edificio administrativo da Xunta de Galiza en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 30 de decembro de 2021 o Consello da Xunta acordou a compra de 4 parcelas no barrio das Lagoas con destino á construción dun edificio administrativo no que centralizar a totalidade das dependencias da administración autonómica en Ourense. A adquisición das parcelas, en lugar diferente ao que estaba previsto nos orzamentos dese mesmo ano, importou a suma de 8,4 M€, IVE incluído.

Asemade coa adquisición realizada a Xunta subrogábase nos dereitos e obrigas derivados da condición de membro da Xunta de Compensación do Polígono da zona 4 do SU-25, asumindo os gastos de urbanización pendentes e os de edificación e canon dos espazos concesionais.

En setembro de 2022 convocouse concurso de ideas, a nivel de anteproxectos, para a construción do novo edificio administrativo da Xunta de Galiza o 21 de marzo de 2023 resolverse declarar gañador do concurso ao proxecto presentado pola UTE Díaz e Díaz Arquitectos, S.L.P. e Castroferro Arquitectos S.L.P.

Consonte ao establecido na base 3ª do concurso de ideas a redacción do proxecto básico e de execución, incluído o estudo de seguridade e saúde, de xestión de residuos, a certificación enerxética e o proxecto de telecomunicacións, foi adxudicada á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gañadora do concurso de ideas, única convidada no procedemento negociado sen publicidade polo que se resolveu a adxudicación. O importe da adxudicación estaba fixando en 1.085.042,02 euros, IVE incluído, dos que 736.134,45 € correspondían á redacción do proxecto e 348.907,57 € á dirección das obras, descontando os honorarios da redacción do proxecto o premio en metálico do concurso de ideas; e o prazo de execución era de 6 meses.

Transcorrido con creces o prazo máximo para a presentación do proxecto e xa que logo para a licitación da construción, polo que a cidadanía de Ourense segue agardando por unha infraestrutura anunciada hai máis de 30 anos.

Por todo o exposto, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Ten coñecemento a Xunta de Galiza de que os parcelas que adquiriu estaban gravadas con servidumes e outros dereitos reais e, no seu caso, como afectaban ao valor das mesmas?

Cales son os custos de urbanización pendente de realizar e canto é o que deberá abonar a Xunta de Galiza?

En cantas reunións da Xunta de Compensación do Polígono da zona 4 do SU-25 de Ourense participou a Xunta de Galiza?

Cónstalle á Xunta de Galiza a existencia de proxecto para a construción dun edificio administrativo en Ourense?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No seu caso, o proxecto exige a modificación do vixente PXOM de Ourense? De ser afirmativa a resposta está prevista ou en tramitación as modificacións e reformas necesarias?

Cando ten previsto a Xunta de Galiza a licitación do contrato de obra para a execución do edificio administrativo e cal sería o prazo para a súa completa execución?

Cal é o importe anual que a Xunta de Galiza está a abonar polo alugueiro dos inmóbeis nos que se localizan as diferentes dependencias administrativas da administración pública autonómica na cidade de Ourense?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua Lema

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 08/01/2025 11:47:09

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/01/2025 11:47:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2025 11:47:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a situación da lingua galega nas notarías.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lei 3/1983 de normalización lingüística establece no seu artigo 8 que os documentos públicos outorgados en Galiza se poderán redactar en galego ou en castelán.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega fixa como obxectivos da área da Administración de Xustiza “conseguir que a todo cidadán se lle ofrezca a opción a ser atendido en galego e, se o desexar, que todas e cada unha das partes do proceso se desenvolvan nesta lingua”, “garantirlles a capacitación lingüística a todas as persoas que traballan na Administración de Xustiza, de xeito que lle sexa doado ao cidadán exercer os seus dereitos lingüísticos” e “propiciar o mesmo espírito de respecto á opción lingüística dos cidadáns por parte dos membros dos colexios oficiais de notarios e avogados no exercicio das súas funcións”.

O mesmo Plan, entre os obxectivos para a área de Notarías e outros servizos documentais e de xestión, establece “garantir que todas as notarías e xestorías de Galicia poidan ofrecer os seus servizos en galego” e o obxectivo específico para a área de “introducir o galego como lingua normal de traballo das notarías”. As medidas que fixa para esta área son: “facilitarlles ás notarías os medios técnicos e terminolóxicos para que os seus titulares poidan desenvolver a súa actividade en galego doadamente”,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“establecer un programa de capacitación dirixido aos traballadores das notarías”, “posta en marcha dunha campaña de información sobre os dereitos lingüísticos dos usuarios das notarías e da plena validez dos documentos en galego”, “establecer que en todas as notarías de Galicia exista, en lugar ben visible da sala de espera e do despacho do notario, un cartel que indique o dereito do cidadán a que o documento se lle redacte e asente en lingua galega polo mesmo prezo e co mesmo valor xurídico”, “establecer a norma de que nas notarías, antes do inicio do procedemento, se pregunte de oficio cal é a lingua habitual do cidadán e que esa sexa a lingua de toda a actuación, tanto oral coma documental”, “crear un premio anual á notaría que máis destaque pola introdución do galego no seu traballo profesional”. O goberno galego non puxo en marcha ningunha destas medidas, incumprindo o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado por unanimidade no Parlamento Galego en 2004 e dificultando o exercicio dos dereitos lingüísticos da cidadanía, ademais de ignorar o deber da administración galega en relación coa promoción da presenza da nosa lingua neste ámbito.

O informe do Comité de Expertos do Consello de Europa de setembro de 2024 en relación co cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas indica, entre as súas recomendacións máis urxentes “asegurarse de que a lexislación garanta que os tribunais leven os procedementos penais, civís e administrativos en galego cando o solicite unha das partes, e levar a cabo as accións necesarias para que se leve á práctica”, ademais de “pór a disposición en galego os textos administrativos e formularios de uso habitual”.

Ademais, o Regulamento da Organización e Réxime do Notariado declara o dereito a solicitar os documentos notariais en galego.

A pesar de todo isto, nos últimos meses deste mesmo ano coñecemos dous casos concretos nos que se negou este dereito a dous cidadáns. En Vigo, este verán unha persoa que vendía unha finca solicitou que a escritura estivese en galego, mais a compradora quería a escritura en castelán. Na notaría informaron de que, debido á falta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de acordo entre elas, a escritura debía estar en castelán. Esta persoa, asesorada pola Mesa pola Normalización Lingüística, lembroulle ao oficial da notaría o artigo 149 do Regulamento do Notariado, que indica que, en caso de discrepancia, se debe redactar a escritura a dobre columna, nas dúas linguas.

Hai só uns días, coñecemos o caso dunha notaría de Santiago de Compostela que se negou a redactar ningún documento en galego a un usuario que, coñecedor desta norma, tivo que acudir a outra notaría que si aceptou redactar a documentación na lingua da súa elección, conforme o dereito que lle outorga a lexislación. O cidadán presentou unha queixa formal ante a primeira notaría, por vulnerar os seus dereitos lingüísticos. Trátase de dous casos de especial gravidade, non só pola vulneración dos dereitos lingüísticos destes cidadáns por parte destas dúas notarías, senón tamén pola información falsa que lles transmitiron, xa que non é potestade das notarías elixir a lingua na que redactan os documentos ou os asentos, senón do cidadán ou cidadá que os solicita. As notarías tampouco poden decidir sobre a oficialidade do galego nin sobre os dereitos da cidadanía, pois prestan un servizo público, e non teñen a potestade de prestalo incumprindo os dereitos dos e das cidadás, nin informando de xeito incorrecto ou falso sobre estes dereitos, e a administración galega ten a obriga de velar pola prestación correcta deste servizo.

Estes dous exemplos indican a dificultade de usar a nosa lingua con normalidade nas notarías, que contradí as obrigas que teñen tanto as notarías como a administración. Esta dificultade implica, ademais, que só transcenden as queixas dun número moi reducido de persoas, xa que a administración tamén está a incumprir o seu deber á hora de informar sobre os dereitos lingüísticos que asisten a cidadanía nestes establecementos e circunstancias. En ningún caso podemos afirmar que se trata de casos illados ou puntuais, xa que son coñecidas outras situacións semellantes, nas que cidadáns e cidadás se ven obrigadas na actualidade a agardaren 15 días por unha tradución ao galego, co que isto supón tanto de agravio comparativo e de discriminación como de incomodidade e molestias, que poden ter consecuencias segundo o caso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concreto do que se trate. Ter que agardar semanas por unha escritura en galego é, por si mesmo, unha penalización e unha discriminación fronte a quen a obtén no día se opta pola escritura en castelán. Todo isto demostra que a lingua galega está en desvantaxe e que non existe igualdade nas circunstancias nas que se desenvolve unha persoa galegofalante. Noutras ocasións, a notaría informa, incorrecta e inxustamente, da súa incapacidade para atender a petición ou mesmo, noutra grave vulneración dos dereitos de que debe ser o propio cidadán quen se faga cargo da tradución.

O artigo 9.2 da Constitución ordena aos poderes públicos promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, debendo retirar os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

O artigo 3 da Lei de Normalización Lingüística establece “Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua”, polo que resulta urxente que o goberno galego actúe para garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía, ademais de traballar para crear unha situación de normalidade para a nosa lingua nas notaría.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Como valora o goberno galego a escasa presenza do galego nas notaría?
- Que informes ou recollidas de datos vai levar a cabo o goberno galego sobre o uso do idioma galego nas notaría?
- Que medidas de entre as que fixa o goberno galego para as notaría puxo en marcha o goberno nos últimos catro anos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten previsto o goberno galego implantar, na presente lexislatura, algunha das medidas que establece o Plan Xeral de Lingua Galega para facilitar e promover o uso do galego as notaría?
- Que medidas ten previsto pór en marcha o goberno galego para protexer os dereitos lingüísticos dos e das falantes de galego nas notaría, e que sexan materializados?
- Que medidas informativas sobre os dereitos lingüísticos ten previsto pór en marcha o goberno galego no ámbito das notaría, coa finalidade de informar a cidadanía sobre os seus dereitos lingüísticos?
- Que medidas ten previsto pór en marcha o goberno galego en relación coa comunicación ás notaría sobre as súas obrigas en relación cos dereitos lingüísticos?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Taibo Corsanego na data 08/01/2025 12:34:39

Mercedes Queixas Zas na data 08/01/2025 12:34:59

Daniel Castro García na data 08/01/2025 12:35:09

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/01/2025 12:35:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas, Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á composición do Consello da Minaría de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia regula no seu artigo 6 a creación do Consello da minaría de Galiza.

Defínese este órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento da administración competente en materia de minaría, para o que se lle atribúen funcións de informe preceptivo nas principais normas e nos instrumentos de planificación do sector mineiro, así como outras de asesoramento.

A propia lei atribúe especificamente que o Consello emitirá informe sobre os anteproxectos de lei, sobre os proxectos de regulamentos con incidencia na minaría e sobre o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia.

Asemade tamén será o Consello que asesore sobre os plans e programas que a presidencia lle propoña en razón á importancia da súa incidencia sobre a minaría. Igualmente tamén poderá emitir informes e efectuar propostas en materia de minaría, por iniciativa propia.

Na parte propositiva facultase ao Consello a propoñer medidas para un mellor desenvolvemento da política mineira. Así como impulsar a coordinación entre a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

iniciativa pública e privada en materia de minaría. Tamén poderá informar sobre cantos asuntos en materia mineira sexan sometidos á súa consideración pola consellaría competente en materia de minaría e as que regulamentariamente se lle atribúan.

Tamén será este Consello o que investigará a evolución do emprego no sector da minaría, das sancións firmes derivadas dos incumprimentos desta lei e das estatísticas de sinistrabilidade do sector e subsectores da minaría.

Sen abandonar o plano do emprego, o Consello será o que realice o seguimento do grao de cumprimento de todas as iniciativas encamiñadas a mellorar a calidade do emprego na minaría de Galicia, incrementar a seguridade laboral e impulsar a formación dos traballadores e das traballadoras do sector na nosa Comunidade.

A propia Lei da minaría faculta ao Consello a ser informado anualmente respecto dos expedientes administrativos tramitados relativos aos dereitos mineiros, tanto da caducidade, do concurso, revogación e asignación dos mesmos.

A composición e organización do Consello da Minaría de Galicia rexeráse polo principio de paridade e tratará de garantir unha representación proporcionada entre mulleres e homes.

Reglamentariamente determinarase a composición do consello, no que estarán integrados representantes das administracións, das organizacións sindicais e empresariais máis representativas do sector, das asociacións de defensa da natureza, das comunidades de montes en man común, dos concellos mineiros, dos colexios profesionais competentes en materia mineira e da Cámara Oficial Mineira de Galicia.

O proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025 presentado no parlamento de Galiza, contemplaba no seu artigo 36, vía modificación do artigo 8 da Lei 8/2009, a composición detallada do Consello da Minaría de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nesta modificación non se contempla a participación dentro do Consello das asociacións da defensa da natureza nin das asociacións de montes en man común.

Aínda que este artigo da leu de acompañamentos foi emendado polo Partido Popular, para engadir representantes da administración autonómica en materias relacionadas co sector da minaría, como de patrimonio cultural, dominio público de augas entre outros.

Tamén se aproveita esta emenda para engadir representantes sectoriais dentro do consello, como é o caso do sector dos materiais cerámicos. Máis nada se modifica para que o asociacionismo ambiental e da xestión do monte comunal teña voz e voto dentro dun órgano que vai decidir e informar sobre os propios intereses destes colectivos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

. Por que exclúe a Xunta de Galiza ás asociacións ambientais e de defensa da natureza, e as asociacións das comunidades de montes en man común da participación no Consellería da Minaría de Galiza?

. Vai modificar a Xunta de Galiza a Lei 3/2008 para engadir como membros de pleno dereito do Consello da Minaría de Galiza ás asociacións de defensa da natureza, e das comunidades de montes en man común?

. Considera a Xunta de Galiza que, coa actual composición do Consello da Minaría de Galiza ten a suficiente representatividade social?

. Que previsión ten a Xunta de Galiza sobre a constitución do Consello da Minaría de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Montserrat Valcárcel Armesto

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 08/01/2025 12:59:26

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 08/01/2025 13:02:09

Montserrat Valcárcel Armesto na data 08/01/2025 13:02:40

Luis Bará Torres na data 08/01/2025 13:03:11





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A EPOC segue sendo unha enfermidade pouco coñecida, a pesar de que afecta a un gran número de persoas e é a terceira causa de mortes no mundo.

Hoxe sabemos que as súas siglas responden a unha enfermidade pulmonar obstrutiva crónica. Enfermidade crónica que reduce o fluxo de aire e causa problemas respiratorios. Os síntomas poden ser tose, afogo, sibilancias, fatiga, produción de mucosidade e unha dificultade continua para respirar que produce un esgotamento permanente.

As causas máis comúns son o tabaquismo e a contaminación do aire.

A EPOC non se cura, trátase dunha enfermidade crónica, de progresión lenta, pero o tratamento pode aliviar os síntomas, e tamén mellora se non se fuma nin se está exposto a aire contaminado.

A EPOC é unha das causas máis frecuentes de atención médica, especialmente en urxencias pero tamén das que conta con maior taxa de reingresos.

Aínda que é certo que non queremos deixar de transmitir que calquera enfermidade ten que ser atendida, neste caso, calquera medida preventiva é moi importante porque non só favorece a calidade de vida das persoas





enfermas, senón que tamén, vai a favor de desconxestionar a atención primaria, as urxencias e a atención hospitalaria. Pero tamén o diagnóstico precoz é fundamental para reverter o avance da enfermidade.

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID 19, as esperiometrías deixaron de programarse polo risco de contaxio que entrañaban. A data de hoxe, o ritmo de diagnóstico mediante espirometrías, a pesar de ser unha proba non invasora, accesible e económica, non alcanzou os niveis óptimos para reducir o grave infradiagnóstico que sofre esta enfermidade. E como se sinalaba anteriormente, o diagnóstico precoz e as medidas preventivas son moi importantes.

Por tal motivo, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está disposta a Consellería de Sanidade a dotar a todos os centros de saúde de atención primaria de espirómetros?
2. Está disposta a Consellería de Sanidade a realizar cursos de reciclaxe ao persoal sanitario, especialmente á enfermería para que todos os centros de saúde poidan garantir a correcta realización de espirometrías?
3. Vai, a Consellería de Sanidade, a incluír as esperiometrías como probas rutineiras nas revisións médicas en atención primaria?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:02:44





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:11:16
Nº Rexistro: 16332
Data envío: 08/01/2025 13:11:16.464

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:02:53

CSV: B0P5TRB0G3R8&610270-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58061

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A ansiedade e a depresión son os dous diagnósticos que máis se repiten nas consultas dos profesionais de saúde mental en Galicia.

Todos os especialistas poñen sobre a mesa que os trastornos mentais convertéronse na gran epidemia do século XXI e son as novas xeracións as máis vulnerables.

O Sergas realizou unha enquisa a finais do ano 2023 cunha mostra de case 8.000 persoas e os resultados son preocupantes. O 27 % dos galegos e galegas están en risco de ter unha mala saúde mental. Pero se analizamos os resultados por tramos de idade, resulta que a maior incidencia rexístrase entre os máis novos: o 35% dos menores de 25 anos, poderían sufrir unha enfermidade como a ansiedade ou depresión.

Ademais da mocidade outro factor de risco é a muller. O 33 % das galegas manifestan síntomas que poderían derivar nun trastorno psicolóxico, fronte ao 21 % dos homes.

E dous de cada tres galegos declararon que teñen ou tiveron algunha vez depresión.

Con estes datos de referencia, podemos afirmar que a saúde mental continúa a





ser un dos graves problemas que presenta o sistema público de saúde, pola súa deficiente dotación de recursos para afrontar as patoloxías que, cada vez máis, están presentes e máis identificadas entre a sociedade.

Pero a atención que a saúde mental recibe no conxunto do sistema público de España é desigual en función das comunidades autónomas, que son as que detectan as competencias, e dos sistemas autonómicos que son responsables da xestión. Estas desigualdades percíbense de maneira clara na dotación de recursos humanos en saúde mental, así como a estrutura asistencial que intenta dar resposta ás necesidades.

Galicia atópase na cola das comunidades autónomas de España no que fai referencia ás ratios de profesionais por habitante nas categorías de psiquiatría, psicoloxía clínica ou enfermería especialista en saúde mental.

Pero a realidade das necesidades é moi dura, pois Galicia tamén se sitúa entre as comunidades autónomas de España con maior taxa de consumo de psicofármacos: 152 doses por 1.000 habitantes que representa o 49 % máis ca media do conxunto de España. Pero Galicia tamén está entre as que rexistran o maior volume de suicidios anuais.

E o problema de recursos humanos, que citamos antes, afecta á accesibilidade de maneira grave e tradúcese en longas listas de espera.

As últimas listas de espera difundidas pola Consellería de Sanidade mostran como, no caso dos psiquiatras, batéronse todos os récords dos últimos anos, con 10.431 pacientes pendentes dunha cita médica co especialista en psiquiatría. Case 1.600 persoas máis que un ano atrás, e teñen que agardar 23 días máis de media que entón.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:11:37
Nº Rexistro: 16333
Data envío: 08/01/2025 13:11:37.025

Áreas sanitarias como Ferrol han de esperar 63,5 días para ser atendidos, Lugo-A Mariña-Monforte 74,2, Ourense-Verín-O Barco 67,2 ou Vigo 113,3 por citar algunhas áreas concretas.

Se fixésemos unha valoración do Plan de saúde mental de Galicia post-covid-19, seguramente atopásemos a resposta ao que está a suceder. Un exemplo claro é a non cobertura de prazas previstas que o recente informe sobre adxudicación de postos de difícil cobertura nos hospitais comarcais e no ámbito da saúde mental.

Pero os datos expostos antes, deixan en evidencia a necesidade de afrontar decididamente políticas orientadas a mellorar a saúde mental en Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está disposta a Xunta de Galicia a incrementar os recursos humanos na área de saúde mental de Galicia ata alcanzar a finais do 2026, a media de profesionais de España en cada categoría profesional implicada?
2. Está disposta a Xunta de Galicia a convocar todas as prazas de formación especializada relacionadas coa saúde mental, ata conseguir a equiparación coa media de profesionais de España?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:03:06

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58064

@PSdeG



CSV: B0P1S1RBD0aR3a9Fh1b0-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:11:37
Nº Rexistro: 16333
Data envío: 08/01/2025 13:11:37.025

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:03:18

CSV: B0P5TRBQzR5q7Hb4-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58065

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:11:49
Nº Rexistro: 16334
Data envío: 08/01/2025 13:11:49,242

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O Plan de traballo do Consello de Contas para o ano 2017 incluía o informe de fiscalización o contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.

Tiña como finalidade a análise do contrato de concesión de obras públicas para a redacción do proxecto técnico, financiamento, construción e explotación de determinados servizos non clínicos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo. O Plan de traballo do Consello de Contas para o 2022 inclúe a reprogramación do devandito informe e amplía o obxecto inicial da fiscalización á execución do contrato ata o exercicio 2021.

O informe de alcance da fiscalización citado, deuse a coñecer o pasado día 31 de xullo de 2024.

Trátase dunha auditoría de regularidade e operativa, co fin de comprobar a adecuación á normativa que regula a contratación, os aspectos financeiros derivados dela e o cumprimento dos obxectivos. Poderíamos analizar moitos dos seus aspectos como pode ser a análise económica do Contrato e alternativas, onde queda de manifesto que "en termos económicos, a alternativa da licitación da obra por unha banda, e a licitación de contratos de servizos por outra, é máis eficiente que o contrato de concesión realizado, xa que se poderían alcanzar resultados similares a un menor custo". "A diferenza estimada entre o importe da proxección de pagos de ambas as alternativas é de 382.234.537 euros (sen IVE) e de 470.469.422 euros (con IVE)" (entre comíñase aínda que no texto orixinal o idioma usado é o castelán).





A conclusión da análise económica é de máxima importancia. Non obstante, o obxecto desta iniciativa é abordar algún dos aspectos da eficacia do investimento.

Dentro do marco de planificación, o Programa funcional do Novo Hospital de Vigo establecía os obxectivos para alcanzar co investimento programado ao redor de tres eixos:

1. Dimensionar o novo hospital de Vigo para asumir a totalidade do incremento de poboación.
2. Que o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo conte con todos os servizos de referencia precisos para atender a rexión sur de Galicia (excepto o dos procesos tumorais).
3. Manter o volume total da actividade do sector privado, de tal maneira que o peso relativo de este diminúa (do 22 % ao 15 % previsto para o ano 2017).

En relación co primeiro dos obxectivos, na memoria de xustificación do investimento prevé coa construción do Novo Hospital de Vigo alcanzar no complexo hospitalario 2.000 camas.

Con todo, segundo as memorias da área Sanitaria de Vigo, o volume de camas oscila entre 1.241 a 1.321 no período 2015 a 2021.

Tampouco se logra o segundo obxectivo. E no relativo ás obrigacións recoñecidas pola actividade de Povisa no período 2014 a 2021, tampouco se consegue a redución do peso relativo fixada como obxectivo.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:11:49
Nº Rexistro: 16334
Data envío: 08/01/2025 13:11:49.242

Por tal motivo, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai dimensionar a Consellería de Sanidade o Novo Hospital de Vigo para asumir a totalidade do incremento de poboación, alcanzando no complexo hospitalario as 2.000 camas previstas?
2. Vai contar o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo con todos os servizos de referencia para atender á rexión sur de Galicia, (excepto o dos procesos tumorais)?
3. Vai asumir a Consellería de Sanidade diminuír o peso da actividade do sector privado do 22 % ao 15 % inmediatamente, tal e como estaba previsto xa para o ano 2017?

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:03:31

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:03:40





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O Consello de Contas de Galicia, revelou no informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, as anomalías que se produciron na contratación e explotación dos servizos non clínicos do citado hospital.

Este informe detallado destacou que o modelo elixido pola Xunta de Galicia, produciu un sobrecusto de 470 millóns de euros por non contratar as obras, dunha banda, e a explotación dos mencionados servizos por outra.

Pero o informe entra tamén a analizar outros aspectos como é o dos obxectivos que se marcaba e que tampouco se cumpriron.

Un deles era alcanzar as 2.000 camas, e o volume de camas da área viguesa quedou reducida a 1.300 (1.321 no ano 2021) contando o Hospital Álvaro Cunqueiro, o Hospital Meixoeiro e o Nicolás Peña.

O plan funcional analizou as necesidades da área sanitaria de Vigo, e o Consello de Contas entra tamén a analizar as previsións.

Ademais os recursos físicos do Complexo hospitalario tampouco experimentaron o incremento esperado, debido a que por exemplo só se engadiron 3 quirófanos, quedando a totalidade dos quirófanos en 36. Pero con este incremento foi imposible cumprir co obxectivo de aumentar o 10 % o número de intervencións cirúrxicas tal e como estaba previsto.





Tomando como referencia o ano 2014, con 34.829 operacións, deberíanse superar as 38.300 intervencións, pero nunca se logrou.

É certo que se melloraron os paritorios pero outra deficiencia segue sendo o Hospital de Día.

Da apertura do Cunqueiro tamén se esperaba un aumento dos ingresos hospitalarios totais no complexo, co obxectivo de chegar aos 49.600 anuais.

Tampouco se logrou este volume.

Con respecto ao impacto de Povisa, e evitar que seguise sendo centro de cirurxía maxilofacial segue á espera, do mesmo xeito que centro de queimados.

Mandos intermedios do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, din que para alcanzar a eficacia hai que dotar o citado complexo de máis persoal.

Consideran ademais que é necesario aumentar a actividade, dado que existe, a data de hoxe, máis demanda.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

1. Vai incrementar a Xunta de Galicia os recursos físicos e humanos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, para incrementar o 10 % as intervencións cirúrxicas tal e como estaba previsto?
2. Vai incrementar a Xunta de Galicia os recursos físicos e humanos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, para incrementar os 49.600 ingresos anuais tal e como estaba previsto?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:12:03
Nº Rexistro: 16335
Data envío: 08/01/2025 13:12:03,773

3. Vai ser centro de referencia de cirurxía maxilofacial de queimados o
Complejo Hospitalario Universitario de Vigo?

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:03:57

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:04:05

CSV: B6P5TRB2C1W2a0q1s0d-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58071

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:12:16
Nº Rexistro: 16336
Data envío: 08/01/2025 13:12:16.178

Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Sabemos que as dietas *detox* se definen como un proceso para limpar o organismo, eliminando todas as toxinas do corpo.

Para iso, conforme ao consumo de zumes ou batidos depurativos feitos con froitas e verduras, indicando que son as que eliminan as substancias tóxicas ou pouco saudables que poida xerar o organismo ou incluso consumirse e que non sería necesaria ningunha axuda adicional.

Sabemos tamén que non teñen evidencia científica que avale ou apoie a eficacia deste tipo de dietas e mesmo poderían implicar un déficit nutricional, impacto na saúde e repercusión no noso sistema sanitario.

Pero os medios de comunicación e sobre todo as redes sociais, están cheas de publicidade, menús e solucións para "desintoxicar" o corpo.

Quizais sexa o *márketing* o que faga crer en como "limparnos" e este *márketing* cala nun número importante de persoas fronte ao que case non vende, se falamos nos mesmos termos de *márketing*, que é a nosa dieta mediterránea ou atlántica.

Pero o que nos preocupa é que a "dieta *márketing*" foi capaz de chegar a onde non chega a saúde, como sinala algún experto e compartimos esta idea.





A día de hoxe, non existe ningunha investigación de calidade que indique os beneficios a longo prazo asociados ás limpezas ou desintoxicacións. E máis sen a supervisión médica, algunhas dietas poden ser nocivas para a saúde.

Por este motivo a Asociación de Nutrición e Dietética (a organización máis grande do mundo de profesionais de nutrición e a dietética), non recomenda as depuracións.

Pero o mercado mundial de produtos para a desintoxicación estímase que chegue a un volume nada desprezable de 80.400 millóns de dólares. E o *hashtag* *#detox* ten máis de 1,8 millóns de publicacións. E fronte a estes datos é difícil loitar.

Pero hai tamén unha realidade que é o aumento de persoas que cada vez están máis preocupadas por ter unha alimentación saudable e, a través dela, unha boa saúde.

Co fin de protexer aos consumidores, á saúde dos galegos e as galegas e evitar un impacto negativo no noso sistemas sanitario, por tal motivo, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

Está disposta a Xunta de Galicia a realizar un programa informativo, claro e conciso, en todos os medios posibles e formatos, nos que se inclúa a información nos centros de saúde sobre os efectos nocivos que poden ter as dietas detox para a saúde?

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:12:16
Nº Rexistro: 16336
Data envío: 08/01/2025 13:12:16.178

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:04:19

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:04:29

CSV: BGPSTBDBjG8K4Jez42
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58074

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5ª**.

A poboación galega está inmersa nun proceso de envellecemento que afecta a toda Europa e que continúa á luz dos datos de idade media que publica o Instituto Galego de Estatística. Desde 1975, o seu continuo aumento reflicte a velocidade do envellecemento da poboación de Galicia, superior no caso das mulleres.

Este avance relevante é positivo se vén acompañado de maior calidade de vida, especialmente nestes anos da vida. Para iso precisamos un sistema social que cubra as necesidades dos nosos maiores. No plano sanitario o aumento de idade tende a ir acompañado dunha maior frecuencia ao propio sistema, tanto en Atención Primaria como na atención hospitalaria para os problemas específicos. Ata o de agora ambas dimensións sofren problemas de xestión no sistema sanitario. No caso da atención primaria pola evidente perda de control do sistema por parte do Goberno de Galicia que provoca saturacións e problemas nunca coñecidos, con esperas longas, falta de profesionais nos centros de saúde e afastamento dos servizos dos contornos máis rurais, o que prexudica a aquelas persoas que viven en zonas máis despoboadas que son, en boa parte, persoas maiores que teñen maior dificultade para se desprazarse e para ser operativo antes os erros de xestión.

No plano hospitalario en Galicia tamén existe un problema de déficit de profesionais, pois a maior parte de situacións de persoas maiores son cubertas por profesionais de medicina interna, que é un servizo que nos





últimos tempos vense caracterizando por evidenciar problemas estruturais na súa xestión e planificación por parte da Consellería de Sanidade. Estes servizos, xa de por si saturados, teñen ademais a tarefa de atender ás persoas maiores por non existir unidades de xeriatria con persoal especializado salvo en Vigo e Lugo. Como caso paradigmático Ourense, a poboación máis envellecida de España, non ten servizo de xeriatria na súa rede de hospitais do sistema público.

Ante estes problemas, a Dirección do sistema sanitario público debe reaccionar e reorientar as decisións para dotar dos mecanismos necesarios e poder atender as necesidades das persoas maiores, coa súa especificidade e a atención que merecen.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Por que a rede do sistema público de saúde de Galicia non ten implantado servizos de xeriatria en cada unha das áreas sanitarias xa que é unha Comunidade Autónoma con elevada tendencia ao envellecemento?
2. Cre o Goberno galego que a situación actual da Atención Primaria conta con equipos sanitarios que permitan dar unha especial atención ás persoas maiores segundo as súas necesidades?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025





Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:04:43

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:04:51





Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Esta proposición non de lei parte de intentar empezar a practicar a transparencia no ámbito sanitario e en concreto en temas de innovación sanitaria-tecnolóxica.

Neste sentido xa o Consello de Contas, puxo de manifesto un problema de xestión porque derivou a un centro privado unha tecnoloxía sanitaria doada para o sistema público.

Esta situación non é recente, pero non por iso ten que quedar esquecida, nin xerar antecedentes para outras situacións similares.

Trátase dunha doazón realizada pola Fundación Amancio Ortega ao Servizo Público de Saúde. Non estamos en absoluto criticando a doazón, o que estamos denunciando é que esta doazón acabará nunha clínica privada da Coruña, o centro oncolóxico de Galicia. Aínda que este centro traballa, en parte, en réxime de concesión co sistema público e en parte cos seus clientes privados.

E como consecuencia, a tecnoloxía cedida polo Sergas unha vez que foi recibida, utilízase por esta clínica para dar servizo tanto ás persoas usuarias que veñen derivadas do sistema público como aos seus propios doentes vía privada. Por tanto, a realidade é que o goberno de Galicia destinou unha tecnoloxía de moito valor a unha clínica privada que obtén beneficio propio dela.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:13:00
Nº Rexistro: 16339
Data envío: 08/01/2025 13:13:00,362

O persoal sanitario de atención primaria fala de saturación e colapso, de que traballan ao límite e a Xunta de Galicia debe facer un esforzo para que se lle free esta escalada de agresións.

É certo que a forma de cortar a devandita escalada de maneira radical é a desaparición das longas listas de espera, pero con esta iniciativa queremos pedir actuacións preventivas e de amparo para o persoal sanitario.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Está a Xunta de Galicia disposta a axudar ao persoal de atención primaria coa posta en marcha dun plan de seguridade que lle permita realizar o seu labor coa debida protección fronte ás agresións que sofre?
2. Está disposta a Xunta de Galicia a realizar unha campaña informativa na que se explique que o persoal sanitario é alleo ás longas esperas que padecen para ser atendidos?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:05:23

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:05:31





Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

As listas de espera oficiais en Galicia, non reflicten a realidade do que supón unha espera para a atención dunha consulta, unha cirurxía ou unha proba médica, pero son os únicos datos dos que dispoñemos para facer unha valoración.

E recentemente, coñecemos o informe correspondente ao pasado exercicio cos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias que distan moito de ser satisfactorios, senón todo o contrario. E que se acaban convertendo nun dos grandes problemas que ten a sanidade.

E non nos referimos á calidade, nin aos profesionais sanitarios cuxo nivel é excelente, senón aos problemas que se orixinan pola ineficiencia do sistema, por non poderen responder á demanda existente, o que xera atrasos e unha saturación crecente. Saturación que reverte nunhas listas moi avultadas.

Isto tampouco nos pode estrañar, cando coñecemos que Galicia se sitúa á cola en gastos *per cápita* para Sanidade, xunto con Educación e Políticas Sociais.

E neste contexto, o máximo responsable de Sanidade en Galicia, pide dar “importancia relativa” ás listas de espera xa que na súa opinión son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”





Insistir unha e outra vez que ninguén dúbida do bo facer dos profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis aló do que realmente lle corresponde, manteñen a calidade a pesares das deficiencias organizativas.

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade son importantes. Son persoas que teñen problemas de saúde, que están pendentes dunha consulta, de probas diagnósticas, dunha cirurxía, e que a súa saúde seguramente se agrava mentres están pendentes de ser atendidos. Pero tamén xera malestar, angustia e inseguridade nos seus familiares.

Cos datos diante, estamos ante unha cronificación dun problema ao que non se quixo poñer remedio a tempo e agora converteuse nun gran problema, xerando queixas fundamentadas por parte dos pacientes e familiares.

E converteuse nun gran problema, porque non existiu nin existe planificación nin xestión para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública. E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por estes motivos, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera para consultas en Galicia?
2. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera de cirurxía, cando están moi por enriba dos obxectivos previstos para o ano 2023?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:13:13
Nº Rexistro: 16340
Data envío: 08/01/2025 13:13:13.830

A
s
i
n
a
d
o

d
i
x
i
t
a
l
i
m
e
n
t
e

p
o
r
:

E
l
e
n
a

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58084

@PSdeG



CSV: B6PSTB93UG6ED1H4-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:13:13
Nº Rexistro: 16340
Data envío: 08/01/2025 13:13:13.830

E
s
p
i
n
o
s
a

M
a
n
g
a
n
a

n
a

d
a
t
a

0
8
/
0
1
/
2
0
2

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58085

@PSdeG



CSV: B0PSTB93G6E01H4-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:13:13
Nº Rexistro: 16340
Data envío: 08/01/2025 13:13:13.830

5

1

3

:

0

5

:

4

3

S

i

l

v

i

a

L

o

n

g

u

e

i

r

a

C

a

s

t

r

o

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58086

@PSdeG



CSV: B6PSTB93G6E0114-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:13:13
Nº Rexistro: 16340
Data envío: 08/01/2025 13:13:13.830

n
a

d
a
t
a

0
8
/
0
1
/
2
0
2
5

1
3
:
0
5
:
5
0

CSV: B0PSTB93G6E0D1H4-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58087

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O sistema sanitario público galego, está desbordado pola forte demanda de enfermos con doenzas de saúde mental que os psiquiatras e psicólogos perciben desde o covid-19.

As listas de espera corroboran o que os especialistas nos están transmitindo.

Pero a atención que a saúde mental recibe a nivel de España é desigual en función das CC.AA. que son quen ten a competencia, e por suposto, son os responsables en materia sanitaria e en concreto nesta especialidade. Estas desigualdades percíbense de forma clara na dotación de recursos humanos en saúde mental, así como na estrutura asistencial que tenta dar resposta ás necesidades.

Os especialistas din que están desbordados pola demanda. Por unha banda, existen problemas que antes afectaban á atención primaria, pero como estes centros tamén están sobrecargados, cada vez hai máis derivacións cara aos hospitais.

Isto sucede cando os cocientes de psiquiatría e psicoloxía por habitante están á cola de Europa ou tamén podemos dicir que Galicia se atopa á cola das CC.AA. de España, cando falamos de cocientes de profesionais por habitante tanto en psiquiatría, psicoloxía clínica ou enfermaría especialista en saúde mental.





En Vigo hai 3.171 persoas esperando unha primeira valoración de saúde mental. Estas cifras revelan un problema específico na área sanitaria de Vigo. É certo que en toda Galicia creceu a demanda de servizos de saúde mental, pero en ningunha área sanitaria tivo o impacto que tivo en Vigo. E ímolo transmitir en números: a área sanitaria de Vigo co 20 % da poboación galega, concentra o 30 % dos pacientes que están en lista de espera en psiquiatría.

Tamén que as dúas áreas da comunidade que teñen un tamaño de poboación similar teñen menos da metade de pacientes ca Vigo esperando a que un psiquiatra poida atendelos.

Pero podemos falar do tempo en tardan en atender a unha persoa que necesita este tipo de servizo asistencial que é superior a calquera outra área sanitaria de Galicia.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Está disposta a Xunta de Galicia a incrementar de forma inmediata os recursos humanos nas especialidades de saúde mental na área sanitaria de Vigo, para rebaixar os cocientes de espera ata alcanzar a media de Galicia?
2. Está disposta a Xunta de Galicia a adquirir o compromiso de incrementar os recursos humanos na área de saúde mental para alcanzar no prazo de 3 anos a media Europea?

Parlamento de Galicia, 8 de agosto de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:13:29
Nº Rexistro: 16341
Data envío: 08/01/2025 13:13:29.751

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:06:03

Carlos López Font na data 08/01/2025 13:06:10

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:06:18

CSV: BGRSTBDCMIsa0e7cde462
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58090

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O hospital de día do Álvaro Cunqueiro está saturado, o que ten implicacións negativas para os enfermos oncolóxicos.

Nos cinco primeiros meses do ano entraron no hospital de día 1.426 enfermos, fronte aos 1.371 do ano anterior. E cada un deles acode a varias sesións. Os pacientes de cancro supoñen o 75% dos enfermos.

O habitual é que os usuarios oncolóxicos, acudan á primeira hora da mañá a hospital de día, extraíannlles sangue, obteñan os resultados e teñan unha cita co oncólogo para que decida se ese día pódesele fornecer a quimioterapia.

Con todo, ante a saturación do hospital de día, tiveron que ser os centros de saúde da área sanitaria de Vigo os que empezaron a facer as analíticas de seguimento a persoas que sofren cancro e que deben ser tratados con quimioterapia pero necesitan a proba analítica previa. Isto supón un gran inconveniente a estes pacientes.

Cando se fai no mesmo hospital onde se vai a fornecer a quimioterapia, evitan ao paciente ter que acudir ao hospital varias veces por semana.

Pero o colapso do hospital de día do Álvaro Cunqueiro, provocou en varias ocasións que a xente tivese que ir para casa sen poder fornecerlle a quimioterapia, para facer a analítica no centro de saúde e regresar case sempre ao día seguinte.





O Sergas asegura que teñen identificado o problema e recoñece a incomodidade que supón para os enfermos, pero sinceramente esta non é a solución.

A solución debería estar en abrir un novo hospital de día que cremos foi licitada no mes de xullo.

E o xefe de oncoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, nunha entrevista admitía que para poder seguir mellorando e aumentando a oferta asistencial, era necesario corrixir o "déficit de recursos humanos" e que puidese estar este servizo ao nivel doutras áreas de Galicia. E o propio xerente da área sanitaria de Vigo tamén recoñecía as necesidades de recursos humanos. Xustificadas en que os novos tratamentos están a lograr unha supervivencia que antes nin se expuña, o que supón que os enfermos pasen a unha situación de cronicidade, o que require máis controis e tratamentos de reforzo, que se traducen en máis necesidades de medios humanos.

Ante esta situación as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cando ten previsto o Sergas abrir o novo hospital de día, para dar solución aos problemas actuais que se lle presentan aos enfermos oncolóxicos que teñen que acudir ao hospital Álvaro Cunqueiro?
2. Ten previsto o Sergas incrementar os recursos humanos para o novo hospital de día do Álvaro Cunqueiro, e en concreto incrementar o número de oncólogos cos que conta hoxe o dito centro?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:13:43
Nº Rexistro: 16342
Data envío: 08/01/2025 13:13:43,954

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:06:30

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:06:37

CSV: B0P5TRB0cK588z0462
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58093

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Cada vez é máis a preocupación pola situación da sanidade pública en Galicia. Situación que se agrava ante a chegada do período estival. É habitual atoparnos con titulares na prensa como: *“Los centros de salud de costa aplazan el control a los crónicos”*. *“El PAC estrena agosto con un médico menos”*, *“Denuncian la falta de refuerzo en el PC de Vigo”* etc. etc, sen entrar na situación hospitalaria.

Seguro que coincidimos en que non hai nada máis importante que a saúde. Por este motivo a Xunta de Galicia que ten competencias en materia sanitaria, ten unha gran responsabilidade.

E a xestión debe estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade, é dicir, da poboación no seu conxunto. Pero esa responsabilidade que debería existir, non se dá en Galicia desde hai moitos anos.

E os datos coñecidos como que Galicia é a Comunidade Autónoma de España, con menor investimento por habitante en Sanidade, Educación e Políticas Sociais, este ano sumamos que no conxunto de Galicia clausuraránse o 11,4 % das camas dos hospitais da Comunidade, ao redor de 840.

Isto sucede cada verán, as áreas sanitarias reorganizan os seus recursos asistenciais, o que se traduce nun peche de camas nos hospitais da comunidade.





Queremos anticiparnos a deixar claro que o persoal asistencial ten dereito ás súas vacacións, pero tamén que a Xunta de Galicia se debe organizar para non xerar ningún problema aos pacientes nin por suposto incrementar as xa avultadas listas de espera. Porque ademais non é un tema novo, senón que vén repetíndose ano tras ano.

O ano 2024 xa non ten solución, pero desde logo estamos a tempo de que a Consellería de Sanidade se poña a traballar para que isto non se repita ou non suceda no ano 2025.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai o Goberno galego presentar un informe ante o Parlamento sobre o impacto que tivo o peche de camas no verán, por áreas sanitarias, e especialmente no incremento de listas de espera das diferentes cirurxías?
2. Está disposta a Xunta de Galicia a non pechar camas hospitalarias a partir do ano 2025 e telas dispoñibles e operativas, en todas as areas sanitarias de Galicia, durante os meses de verán?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:06:51

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:07:00





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:14:12
Nº Rexistro: 16344
Data envío: 08/01/2025 13:14:12.516

Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O Goberno de España, aprobou a distribución de 68 millóns de euros ás comunidades autónomas para ampliar a carteira de saúde bucodental.

Correspondendo a Galicia a contía de 3.355.259,40€.

A posta en marcha deste plan é do ano 2022, polo que a contía destinada a Galicia súmase á recibida con anterioridade.

Este plan pretende, por unha banda, homoxeneizar as prestacións e, por outra, incrementar os servizos comúns.

A homoxeneización preténdese levar a cabo entre todas as comunidades autónomas. Quérese garantir a equidade no seu acceso, independentemente, do lugar onde a persoa nacece ou resida.

O incremento dos servizos comúns, refírese a aqueles que ata o de agora non se prestaban pola sanidade pública. Quere abarcar fundamentalmente ao ámbito preventivo.

Tamén quere priorizar colectivos como o infanto-xuvenil, embarazadas, persoas con discapacidade, persoas con cancro e apuntando máis a aquelas que foron diagnosticadas con procesos canceríxenos cervicofaciales.

A prevención é importante en calquera ámbito sanitario, pero as estatísticas máis recentes parecen demostrar que a cultura do coidado e da prevención





oral melloraron en España e en Galicia nos últimos anos, pero seguimos por detrás doutros da nosa contorna no que se refire a visitas ao dentista ao ano.

E aínda que os beneficios da prevención ás veces non se reflicten a curto prazo, teñen moito impacto no aumento da calidade de vida dos pacientes e a mellora do seu estado de saúde xeral.

O programa tamén ten en conta a información e recomendacións sanitarias sobre medidas básicas hixiénicas e dietéticas necesarias para ter e manter unha boa saúde oral e tratamentos preventivos para determinados colectivos prioritarios deste plan.

En definitiva, un plan de saúde bucodental que conta con axudas do Goberno de España para fortalecer a atención odontolóxica pública.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

1. Que porcentaxe de orzamento recibido no ano 2023 executou a Consellería de Sanidade do Plan bucodental?
2. A cantos nenos e nenas deu cobertura o Plan bucodental 2023?
3. Cantas mulleres embarazadas foron atendidas no plan bucodental do ano 2023?, e persoas oncolóxicas e con discapacidade?
4. Que previsións ten a Consellería de Sanidade para o Plan bucodental do ano 2024?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:14:12
Nº Rexistro: 16344
Data envío: 08/01/2025 13:14:12.516

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:07:12

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:07:20

CSV: B6P5TRBQ3E856eD1H4-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

58098

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Ninguén pode negar que a formación é fundamental para o éxito profesional e profesional.

E a formación dos médicos, loxicamente, non é allea a esta afirmación.

Pero é máis, o desenvolvemento profesional e aprendizaxe permanente dos médicos considérase nun modelo moito máis amplo que se adoita coñecer como desenvolvemento profesional continuo.

Consciente desta importancia, o Goberno de España, aprobou a transferencia de 10 millóns de euros ás CC.AA. para a formación continua.

O obxectivo é de, polo menos, formar a 90.000 profesionais sanitarios en toda España e 360.000 créditos, o que equivale a un total de 3,6 millóns de horas de formación no marco dos plans de adecuación continua.

As accións formativas van desde a utilización de tecnoloxías sanitarias e sistemas de información, á detección precoz do cancro, de violencia de xénero ou dos malos tratos infantís, a bioética ou a atención ao final da vida, entre moitos aspectos.





Parece razoable que o esforzo do Goberno de España sexa compensado tamén co esforzo investidor da Xunta de Galicia que é quen ten as competencias en formación, poñendo en marcha un plan de formación complementario financiado polo Goberno galego.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

1. Canto diñeiro recibiu a Xunta de Galicia do Goberno de España deses 10 millóns de euros para formación médica?
2. A cantas persoas está a beneficiar ou beneficiou?
3. Que accións formativas se puxeron ou se van poñer en marcha?
4. Cofinanciou algo dese plan a Xunta de Galicia?
5. Está disposta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan de formación complementaria e financiado ao 100% con cargo aos Orzamentos da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:14:24
Nº Rexistro: 16345
Data envío: 08/01/2025 13:14:24.625

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:07:33

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:07:41

CSV: B0P1S1R0CZf33x6T0H462
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58101

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O Ministerio de Sanidade, recomendou a vacinación contra o Herpes Zóster e a Xunta de Galicia sumouse ao dito consello.

Recoméndase a vacinación en adultos aos 65 anos de idade, empezando polos grupos de idade máis avanzada. En concreto, pide empezar polas persoas de máis de 80 anos e logo ir progresivamente entre os 66 e 80 anos.

Trátase dunha vacina que reduce a incidencia da enfermidade do Herpes Zóster, ou o que coloquialmente coñecemos como "culebrilla" e que adoita afectar ao torax, á cara, aos brazos ou ás pernas e perixenital. Que sabemos está causado pola reactivación do virus da varicela.

Xa non se trata soamente da erupción que provoca seguindo a traxectoria do nervio, senón a dor crónica que pode permanecer pola neuralxia posherpética.

E todo iso podémolo previr mediante a vacina.

Os estudos mostraron que a nova vacina autorizada contra o herpes zóster, ten unha eficacia superior ao 90 por cento para previr o herpes zóster e a neuralxia posherpética que ás veces o acompaña.

Sabemos tamén que afecta principalmente a adultos e estímase que ao redor do 20 % da poboación chégao a presentar. E que a xente maior se ve máis afectada pola baixada de defensas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:14:40
Nº Rexistro: 16346
Data envío: 08/01/2025 13:14:40.031

Por todo iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que porcentaxe de poboación obxecto foi vacinada en cada unha das áreas sanitarias?
2. Ademais dos grupos de idade de máis de 65 anos, vacínouse algún grupo de risco máis, independentemente da idade?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:07:54

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:08:01

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58103

@PSdeG



CSV: B0P1S1R0G31F6a7D1d4g2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:14:57
Nº Rexistro: 16347
Data envío: 08/01/2025 13:14:57.062

Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

As migracións de médicos teñen un importante papel no sistema de saúde en España, tanto cualitativo como cuantitativo. A España chegan médicos desde outros países para especializarse ou para exercer. As homologacións de títulos básicos de medicina aumentaron moito. Por este motivo gustaríanos coñecer cuantos médicos con títulos homologados chegaron a Galicia e por iso preguntamos:

Cal foi a evolución, ano a ano, desde 2009 a 2023 das titulacións de médicos homologados que chegaron a Galicia para exercer na súa profesión?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:08:14

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:08:22

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

58104

@PSdeG



CSV: B0P5T8D9CpRq38mBk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Somos coñecedores de que hai persoas que sufriron a infección polo virus SARS-CoV-2 e que agora teñen unha nova afección, que se denomina COVID persistente, aínda que hai expertos que lle chaman “COVID prolongado”, síndrome COVID crónico”, “long COVID” ou “síndrome de COVID postagudo”.

O último traballo publicado en *Nature Medicine* sobre o COVID persistente, propón unha definición: “a constelación de efectos sobre a saúde post-agudos e a longo prazo causados pola infección SARS-CoV-2”.

Considérase que pode afectar entre o 10 % e o 15 % das persoas que sufriron Covid-19. As últimas informacións indícanos que máis de 400 millóns de persoas no mundo padeceron ou padecen COVID persistente e este dato podíamos extrapolalo a Galicia.

Estamos ademais ante unha enfermidade emerxente, sobre a que se están realizando estudos, e de momento, transcorreu relativamente pouco tempo para poder avanzar con respecto ao mecanismo que o desencadea.





Pero si sabemos que algúns dos síntomas máis frecuentes son: malestar xeral, dores musculares, astenia, falta de concentración, fallos na memoria etc. E o traballo antes sinalado indica que “afecta a todos os sistemas orgánicos, incluído o sistema cardiovascular, o nervioso, o endócrino, o inmunolóxico, o reprodutivo e o gastrointestinal.” E que “afecta ás persoas independentemente da súa saúde, sexo, etnia ou estado de saúde preexistente”.

Con todo, segundo a enquisa realizada pola Sociedade Española de Médicos Xerais e de Familia e os colectivos de afectados de COVID persistente, é máis frecuente na mulleres (79 %), na idade media da vida, aínda que se pode presentar a calquera idade.

E en Galicia non contamos con ningunha área de COVID persistente para que as persoas afectadas teñan atención sanitaria máis especializada e un tratamento completo, global e coordinado.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Está disposta a Xunta de Galicia a poñer en marcha unidades de COVID persistente en cada unha das áreas sanitarias de Galicia?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:15:07
Nº Rexistro: 16348
Data envío: 08/01/2025 13:15:07.421

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:08:34

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:08:45

CSV: BGPISIRBQFW58B60B4-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

58107

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O pasado día 23 de outubro, tivemos coñecemento de que o Sergas, ofrecera aos pacientes de oncoloxía da área sanitaria de Vigo, ser tratados no Complexo Hospitalario de Ourense (CHOU).

A xustificación que daba o propio Sergas, era o incremento de pacientes que se someten a radioterapia no Hospital Meixoeiro de Vigo, que atende non só a área Sanitaria de Vigo, senón tamén a de Pontevedra-Salnés.

No mes de xullo, coincidindo coa comparecencia no Pleno do Parlamento de Galicia, do conselleiro de Sanidade, transmitíase a preocupación do servizo de oncoloxía na cidade de Vigo.

No mes de setembro, tamén foi motivo de atención no pleno do Parlamento de Galicia o hospital de día do Hospital Álvaro Cunqueiro. Hospital de día que está saturado por incumprimento na execución do proxecto do Álvaro Cunqueiro.

Estamos de novo ante unha imprevisión por parte da Xunta de Galicia. E ante a falta de medios para dar resposta neste caso aos enfermos oncolóxicos.

E de novo unha presión máis para os profesionais sanitarios. Profesionais aos que queremos facer chegar o agradecemento e recoñecemento polo seu traballo.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:15:22
Nº Rexistro: 16350
Data envío: 08/01/2025 13:15:22.171

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Vai adoptar a Xunta de Galicia algunha medida para que os pacientes oncolóxicos sigan a ser atendidos en Vigo, como se viña facendo ata o de agora?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:08:57

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:09:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, Mercedes Queixas Zas e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a extracción de lousa non autorizada en Montefurado, concello de Quiroga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o BNG fomos coñecedores hai uns meses do inicio de obras para a extracción de lousa na parroquia de Montefurado, concello de Quiroga. Estas obras causaron un importante desacougo entre a poboación dos núcleos próximos dado o inesperado destas e o feito de que se pensaba que non contaban cos permisos necesarios. Para alén diso, as obras están moi próximas ao túnel romano de Montefurado, unha das xoias da coroa do sur de Lugo e unha das obras de enxeñaría romana máis apreciadas do país. Aínda por riba de todo isto, as obras para a extracción de lousa nesa zona da comarca de Quiroga afectaban seriamente o camiño de inverno a Santiago.

Ante esta situación, desde o Grupo Parlamentar do BNG preguntamos á Xunta sobre isto para sabermos cal era o motivo do inicio destas obras e se estas contaban coa aprobación do Goberno de Galiza. Despois dunha demorada espera recibimos a resposta do goberno galego en que se indica que, como temíamos, a empresa non contaba con todos os permisos necesarios e que se iniciaran as obras de forma irregular. Ademais, na resposta tamén se asegura que a Xunta de Galiza incoará un expediente sancionador á empresa por estes feitos. Se ben censuramos a demora na resposta (algo que non comprendemos dado que sabemos que a Xunta realizou unha inspección no terreo no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mes de agosto en que se corroborou o inicio das obras polo que cremos a resposta podería ter chegado moito antes), celebramos a noticia de que, polo de agora, non se retomarán as obras.

De todos os modos, cremos que como oposición é o noso deber seguir de preto os movementos do goberno galego e ser firmes neste sentido así como seguir a preguntar sobre como evolucionan os acontecementos. Eis o motivo desta iniciativa, continuaremos a facer o posible desde a nosa posición para asegurar que as vidas das persoas non se ven afectadas por decisións dunha empresa e que non se poñen en perigo xoias como o túnel romano de Montefurado de máis de 2.000 anos de antigüidade.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Unha vez constatada a irregularidade no reinicio das obras para extracción de lousa en Montefurado, en que consistirá a sanción da Xunta á empresa?
- Que actuacións ten previstas a Xunta para asegurar que non se inician de novo as obras de maneira irregular?
- Como pretende a Xunta defender o inmenso patrimonio cultural que supón o túnel romano de Montefurado e o camiño de inverno?
- É consciente a Xunta dos enormes prexuízos que toda esta situación causou á veciñanza da parroquia de Montefurado?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas
Xosé Manuel Golpe Acuña
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 08/01/2025 13:13:25

Mercedes Queixas Zas na data 08/01/2025 13:13:37

José Manuel Golpe Acuña na data 08/01/2025 13:13:47





Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Para exercer como médico ou médica en España, é obrigatorio cumprir cos requisitos académicos establecidos. Isto implica obter o título de licenciado ou licenciada en Medicina ou o Grao en Medicina, que son os títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio da profesión médica.

É o que moitas veces indicamos como profesións sanitarias reguladas: médico ou médica, médico ou médica especialista, enfermeira ou enfermeiro de coidados xerais, enfermeiro ou enfermeira especialista, incluídas matronas e farmacéutico. Estas profesións están reguladas pola Lei 44/2003 ou a Lei de ordenación das profesións sanitarias, a Lei do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

Con todo, recentes noticias en medios de comunicación, “alertan sobre contratos a médicos sen especialidade”, ou “médicos denuncian que o Sergas contrata facultativos sen especialidade” ou denuncian “contratos irregulares” de estranxeiros de Atención Primaria.

Polo sinalado anteriormente, para traballar no Sergas, en Atención Primaria ou en Atención Especializada, é obrigatorio dispoñer do título de especialista





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:15:49
Nº Rexistro: 16354
Data envío: 08/01/2025 13:15:49.389

e cumprir a normativa vixente respecto diso. E é a Xunta de Galicia a responsable de que se cumpran os citados requisitos.

Ante esta incerteza que pode ter consecuencias importantes para a seguridade do paciente e por agravios comparativos con outras profesións, as deputadas que asinan preguntan:

Pode a Xunta de Galicia confirmar que todos os médicos que están a exercer a súa profesión dispoñen do título de especialista correspondente segundo a lexislación vixente?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:15:49
Nº Rexistro: 16354
Data envío: 08/01/2025 13:15:49.389

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 13:09:18

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 13:09:31

CSV: B0P5TRB0GAM2sRq3T846-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58115

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2024.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente en determinadas especialidades na área sanitaria de Vigo.

Ademais os datos das listas de espera en cirurxía e de consultas, nesta área, empeoraron, dende os publicados en decembro do 2023.

Para iso, anualmente o goberno galego convoca, entre outros programas, as Bolsas Excelencia Mocidade Exterior. Unha liña de axudas dirixida aos máis novos que residen fóra da nosa comunidade que brinda a oportunidade de cursar un máster na universidade pública galega.

Esta formación complementaria trae consigo diferentes finalidades, xa que incentiva que fixen a súa residencia na nosa comunidade, a incorporación ao mercado laboral galego unha vez rematados os seus estudos e, a maiores, a aportación de riqueza e talento ao noso tecido empresarial.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance das Bolsas Excelencia Mocidade Exterior convocadas pola Secretaría Xeral de Emigración?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Víctor Baladrón Lamas na data 27/12/2024 13:38:44

Alberto Pazos Couñago na data 27/12/2024 13:38:56

Paula Prado del Rio na data 27/12/2024 13:39:09

Julio García Comesaña na data 27/12/2024 13:39:23



Argimiro Marnotes Fernández na data 27/12/2024 13:39:34

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 13:39:47

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 13:40:11

María Felisa Rodriguez Carrera na data 27/12/2024 13:40:21

Roberto Rodríguez Martínez na data 27/12/2024 13:40:30

Katherinie Varela Fernández na data 27/12/2024 13:40:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre a presenza do galego no material de promoción da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 10 de decembro tivo lugar a entrega dos XV Premios ao Desenvolvemento Rural da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), en Santo Domingo de Bonaval, en Santiago de Compostela. Á saída do acto, ao que asistiron, ademais das persoas premiadas, representantes institucionais, entregáronse varios agasallos, entre eles unha axenda en inglés e castelán co logotipo da Xunta de Galiza.

A edición e entrega por parte da Xunta de Galiza deste material de cortesía no que se exclúe por completo a presenza da lingua galega incumpre todos os obxectivos do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado en 2024 (por exemplo, “Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.”), e da Lei de Normalización Lingüística de 1983 (por exemplo, “Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.”, ademais do propio Estatuto de Autonomía de Galiza (“Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesarios para facilita-lo seu coñecemento”, feito que non se comprende por innecesario e desapropiado.

Existen empresas galegas que editan axendas e outro material de promoción en lingua galega, polo que non existe ningún impedimento, máis ben o contrario, para que o goberno galego acuda a material editado en inglés e castelán, excluíndo o galego.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Por que o goberno galego edita material de promoción co logotipo institucional da Xunta de Galiza no que se exclúe por completo a lingua galega?
- Ten previsto o goberno galego corrixir a exclusión da lingua galega no material institucional de cortesía que edita?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Taibo Corsanego na data 09/01/2025 11:52:44

Mercedes Queixas Zas na data 09/01/2025 11:56:25

Daniel Castro García na data 09/01/2025 11:57:12





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia consideramos que os orzamentos do 2025 son os que quere o Sr. Rueda pero non os que necesita unha Galicia que sofre un atraso -en termos comparativos- respecto España, e que a propia Xunta de Galicia cifra en 6 anos.

Crecemos é certo, pero a un ritmo moito menor tanto a nivel macro como micro económico. Como se sostén nos derradeiros informes do Banco de España sobre a evolución da inflación, informes da AIREF, informe FUNCAS o Informe Ardán sobre a economía galega.

Galicia está quedando atrás respecto ao conxunto do Estado. Segundo as previsións da Xunta Galicia medrará 2,1 % no 2025 por debaixo da media estatal, que se sitúa no 3,1 % de crecemento interanual. Un punto menos. Segundo os derradeiros datos da EPA, o paro en Galicia baixou, pero a un ritmo 6 veces inferior á media.

A realidade económica galega imponse á propaganda. Lonxe da imaxe que se está publicitando do Goberno galego, o mercado laboral da Comunidade mostra un dinamismo "francamente escaso" en comparación co conxunto de España, xa que a ocupación crece menos da metade do conxunto do país entre 2018 e 2024, apenas un 6 por cento fronte ao 12 por cento de todo o Estado.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 12:01:52
Nº Rexistro: 16455
Data envío: 09/01/2025 12:01:52.376

Así as cousas, é un engano dicir que o mercado laboral galego evoluciona de forma satisfactoria e similar ao conxunto de España. O envellecemento da poboación galega é o que provoca que a taxa de desemprego se reduza máis que en conxunto de España, o que provoca a redución da poboación activa, que en Galicia leva seis anos estancada mentres no Estado crece un 7,5 por cento. Ao ter menos poboación, o PIB per cápita é aparentemente maior, pero en termos reais non é así, xa que ten que ver con que a poboación galega creceu en seis anos un escasísimo 0,3 por cento, fronte ao cinco por cento do conxunto de España, que crece a un ritmo 18 veces maior.

Por outra banda, non coñecemos a día de hoxe as actuacións levadas a cabo pola creación da nova Oficina económica de Galicia; poderíamos presupoñer que as súas funcións van a ser de gran relevancia no aspecto económico do Goberno galego, pero analizando polo miúdo o novo decreto de estrutura orgánica da Presidencia, observamos que a Oficina económica de Galicia carece de funcións executivas, son máis ben de coordinación, de estudo e análise.

Asemade, moitas das súas atribucións dúplícanse con outros órganos ou unidades creadas, como a Oficina económica no Igape, a sociedade Impulsa, ou doutros órganos directivos da Consellería de Facenda e mesmo da Consellería de Economía e Industria.

De novo, repítese o mesmo esquema ó que xa nos ten acostumados o Goberno galego: unha absoluta falta de eficiencia entre órganos interadministrativos que funcionan como illas desertas desconectadas. Iso si a propaganda e os anuncios funcionan moi ben. Pero se ollas cara a dentro, as cousas non funcional tamén.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58161

@PSdeG



CSV: BGPSJTRBQ3RfR6s2BmE4q2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 12:01:52
Nº Rexistro: 16455
Data envío: 09/01/2025 12:01:52.376

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas vai a poñer en marcha o Goberno galego para que os datos de crecemento económico se acheguen á media do conxunto do Estado? Segundo as previsións da Xunta Galicia medrará 2,1% no 2025 por debaixo da media estatal, que se sitúa no 3,1% de crecemento interanual?
2. No mercado laboral, que políticas activas de emprego vai a promover o Goberno galego tendentes a evitar o despoboamento, a fuxida de talento dos xoves formados para que os datos de poboación activa ocupada se aproximen o crecemento do conxunto de España?
3. Vai o Goberno galego a enviar trimestralmente ao Parlamento galego un informe sobre as actividades desenvolvidas pola nova Oficina económica de Galicia?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/01/2025 11:46:07

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 11:46:17

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58162

@PSdeG



CSV: BGPSJTRD3rR6a2b0tE4q2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O Goberno galego do PP leva anos vetando de xeito sistemático o envío de documentación solicitada polo Grupo Parlamentario Socialista ao abeiro do artigo 9, como se amosou durante a celebración da Comisión de investigación constituída para depurar responsabilidades políticas polas irregularidades detectadas na contratación pública do Goberno galego. Os socialistas de Galicia, pretendemos ser unha oposición útil e realista e fortalecer a nosa democracia e impulsar unha política máis transparente, limpa, honesta e propositiva ao servizo do interese xeral.

O Partido Popular de Galicia pola contra, non quere que se investigue nada de nada. Converteron a Comisión de investigación constituída para investigar as irregularidades na contratación pública nun auténtico paripé. Deixárona baleira de contido.

O PPdG é o partido político responsable de que se prive á cidadanía galega de coñecer a verdade sobre as irregularidades do expediente de contratación de colaboración público privada na construción e posta en funcionamento do novo Hospital Álvaro Cunqueiro -irregularidades postas negro sobre branco polo Consello de Contas-; das irregularidades das contratacións realizadas polo Goberno galego durante a pandemia, así como do incremento exponencial de contratos adxudicados -sobre todo contratación menor- a empresas con vínculos familiares e persoais de altos cargos do Goberno galego e do presidente da Xunta de Galicia durante 13 anos.





Un dos exemplos máis claros desta falta de transparencia e deste obstrucionismo ao labor de fiscalización da oposición é a negativa a enviar a documentación - solicitada en numerosas ocasións pola vía do artigo 9.

As e os socialistas de Galicia temos pendentes de contestar as seis solicitudes de documentación contractual, vía artigo 9 do regulamento, rexistrada o 21 de agosto de 2024. Opacidade e falta de transparencia. Mesmo patrón. da contratación relacionada coa COVID, a denegación dos contratos de emerxencia asinados coas empresas UNIVERSAL SUPPORT, SIBUCU 360 ou MAPE ASESORES, por valor de máis de 30 millóns de euros e adxudicados a dedo entre abril de 2020 e decembro de 2021.

Outro exemplo de obstrucionismo e ocultación é o relacionado coa contratación da Xunta de Galicia co Grupo EULEN, coa que a Administración autonómica asinou contratos por valor de máis de 55 millóns de euros desde o ano 2009, entre eles 1.361 contratos menores por valor de 4.8 millóns de euros adxudicados a dedo nos últimos 5 anos. Dáse ademais a circunstancia de que moitos destes contratos foron adxudicados por entes instrumentais do sector público autonómico – como por exemplo, o Sergas, Consorcio de Servizos sociais, CRTVG, ATRUGA- nas que existen indicios certos de irregularidades como o fraccionamento do obxecto cos contratos- prohibido no artigo 118.3 da LCSP- para evitar a concorrência pública ou o encadeamento de contratos ano tras ano. O último episodio desta relación privilexiada da Xunta con este grupo empresarial foi a recente adxudicación dun contrato de seguridade dos hospitais e centros de saúde da área Santiago-Barbanza, adxudicado a EULEN por valor de 3.899.058 euros.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é unha obriga da Xunta de Galicia e un mandato parlamentario o envío da documentación solicitada polos deputados e deputadas e que ten que rematar o veto do envío desta documentación ao Parlamento. E ademais, é preciso actuar con máxima transparencia e información en relación coa contratación co grupo EULEN.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 12:02:57
Nº Rexistro: 16461
Data envío: 09/01/2025 12:02:57.329

A mellor maneira de demostrar que non hai nada que ocultar é garantir o acceso á información.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia enviar ao Parlamento toda a documentación solicitada en relación cos contratos de emerxencia da COVID e nomeadamente os expedientes de contratación coas empresas UNIVERSAL SUPPORT, MAPE ASESORES e SIBUCU 360 nos anos 2020 e 2021?
2. Ten previsto a Xunta enviar todos os contratos adxudicados pola distintas entidades do sector público autonómico ao grupo EULEN desde o ano 2009, estudando os diferentes tipos de contratación e analizando de xeito específico a contratación menor con este grupo empresarial por parte da Xunta e os seus entes instrumentais ao longo do período 2009-2025?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/01/2025 11:39:23

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 11:39:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Fenández e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o gromo de gripe aviar en Portugal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de xaneiro detectouse no país veciño Portugal, o primeiro foco de Influenza aviar altamente patóxena (IAAP) en aves de curral, nunha explotación de 55427 galiñas poñedoras, das cales 279 resultaran mortas. Este aumento da mortalidade e detección de síntomas fixo saltar as alarmas e confirmouse, deste xeito, o primeiro caso deste país da tempada, adoptándose de inmediato as medidas esixidas no Regulamento Delegado (UE) 2020/687 da Comisión.

No resto de Europa derivado, entre outros factores, do descenso das temperaturas e os movementos migratorios de aves silvestres nesta época do ano, incrementou a circulación e diseminación do virus, coa detección nas derradeiras catro semanas de 99 casos de IAAP H5N1 en aves silvestres de 14 países, 23 casos en aves cativas de 7 países e 33 focos en aves de curral en 8 países, a maioría deles confirmados en Centroeuropa.

No Estado español, aínda que non se teñen detectado nesta tempada casos de IAAP en aves de curral, dende o 1 de xullo de 2024 temos datos oficiais recadados para saber que no noso país se confirmaron 19 casos en aves silvestres e 1 caso en aves cativas sendo, polo tanto, unha zona que cómpre ter en consideración á hora da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vixilancia, evitando deste xeito posibles males maiores que afecten á industria da avicultura e a poboación galega. Non debemos esquecer que actualmente, en EEUU se está dando unha situación preocupante con respecto desta enfermidade, que levou a declarar, por exemplo, o estado de emerxencia en California ao producirse a primeira morte dun humano derivada da gripe aviar, e que este adquiriu do contacto con aves infectadas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. Hai algún tipo de control da Xunta de Galiza sobre as importacións e exportacións con analíticas específicas extra nos casos do transporte de animais vivos ou ovos cara o país veciño tras a nova do contaxio de gripe aviar en Portugal?

. Estanse aconsellando medidas extraordinarias en centros onde se produce contacto entre persoas traballadoras e aves na actualidade, tales coma matadoiros, granxas, centros de reprodución, etc, tras o falecemento dunha persoa por H5N1 en California?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 09/01/2025 12:12:52

Sonia Vidal Lamas na data 09/01/2025 12:16:59

Secundino Fernández Fernández na data 09/01/2025 12:18:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonzo e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á acumulación de refugallos asfálticos na contorna do río Baa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A carón da vía de servizo da AP9, á altura da peaxe de Laraxe, nas proximidades do polígono industrial de Vilar de Coló, nunha zona comprendida entre os concellos de Cabanas, Fene e o río Baa; acumúlanse refugallos asfálticos, de orixe nos países baixos e que foron depositados aí por unha empresa construtora, hoxe desaparecida, Construcciones Manmer SL.

Este depósito de áridos asfálticos, deu lugar a varias actuacións do organismo autónomo Augas de Galiza e da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Augas de Galicia iniciou a incoación dun expediente sancionador polo depósito de áridos na zona de policía de dominio público hidráulico sen a correspondente autorización, así como pola posibilidade de que o depósito puidera ter efecto contaminante sobre as augas do río Baa. Dito organismo emitiu un requirimento para que se tomasen medidas para evitar a contaminación por lixiviados, principalmente no río Baa, esixindo a realización de gabia perimetral e a cuberta dos depósitos.

A pesar de ter xa transcorrido o prazo para a execución de ditas obras, estas seguen sen facerse.

En data de 10/12/2009, a APLU recibe un Informe técnico relativo á acumulación de Bituminosos, por parte dos servizos técnicos do Concello de Cabanas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O 30 de xaneiro de 2014, a Dirección Xeral da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística emite resolución de reposición da legalidade urbanística en relación co expediente sobre actividade realizada en solo rústico sen licenza municipal por parte de Construcciones Manmer SL, consistente no depósito de material asfáltico no lugar de Vilar do Colo, parroquia de Laraxe, no termo municipal de Cabanas.

A data de hoxe, máis de quince anos despois, a morea de escombros asfálticos segue no mesmo sitio, lixiviando derivados de hidrocarburos ao río Baa.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. En que estado se atopa o expediente sancionador da empresa responsable dos refugалlos asfálticos depositados na contorna do polígono Vilar do Colo?
2. Que medidas adoptou a Xunta de Galiza para evitar que os lixiviados destes refugалlos chegasen ao río Baa?
3. Ten a Xunta analíticas sobre a composición destes lixiviados? E dos produtos depositados como refugалlos?
4. Fixo a xunta, ou está facendo analíticas sobre a calidade das augas do río Baa?
5. Ten a Xunta programado a retirada destes refugалlos?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Luis Bará Torres

Ramón Fernández Alfonso

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 09/01/2025 12:28:07

Luis Bará Torres na data 09/01/2025 12:28:11

Ramón Fernández Alfonzo na data 09/01/2025 12:28:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso e Luis Bará Torres,, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao mantemento da vía AC-563.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada AC-563 une o polígono de Vilar do Colo, nos concellos de Fene e Cabanas, co lugar de Fonfría, Cabanas, onde enlaza coa estrada autonómica AC-564.

Esta estrada está concibida como unha variante para evitar o tránsito pesado polo núcleo do concello de Cabanas, ofrecendo unha alternativa rápida para os desprazamentos dende o golfo ártabro cara As Pontes e a autovía AG-64.

A vía conta con dobre carril nos tramos de meirande pendente coa velocidade limitada a 90 km/h.

En diversos traballos de mantemento, no ano 2019, fundamentalmente limpeza de noiros e laterais, foi retirado o peche perimetral de seguridade, sen que ata o día de hoxe fose restituído.

Neses mesmos traballos, veuse afectada a estabilidade de varios noiros, tendo que realizar traballos complementarios para evitar o corremento de terras.

A data de hoxe, tal e como se mencionou anteriormente, a vía segue sen peche perimetral, e os noiros contan cunha vexetación abundante, na que podemos apreciar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ameneiros, eucaliptos e outras especies arbóreas, todas elas con máis de dez centímetros de diámetro na base.

A presenza destas especies nos noiros, especialmente nos máis altos, que foron obxecto de intervencións para garantir a súa estabilidade, están a provocar desprendementos.

Asemade a falta de peche perimetral provoca que especies salvaxes coma xabaríns e corzos invadan acotío a plataforma de circulación provocando situacións de perigo, e incluso algún accidente.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- . Que provocou a retirada do peche perimetral da estrada AC-563
- . Por que non se repuxo este peche logo do remate das obras de limpeza dos laterais?
- . Fai a Xunta un seguimento da estabilidade dos noiros afectados por corremento de terras?
- . Ten a Xunta planificada unha nova limpeza de laterais?
- . Que sistema van empregar para limpar os noiros máis altos, aqueles que presentan risco de derrube?
- . Que control fai a Xunta da auga que emana en varias zonas da plataforma?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Ramón Fernández Alfonso

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 09/01/2025 12:35:49

Ramón Fernández Alfonso na data 09/01/2025 12:38:28

Luis Bará Torres na data 09/01/2025 12:38:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a urxencia de a Xunta reestabelecer o servizo médico completo no centro de saúde de Irixoa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza do concello de Irixoa continúa a sufrir as consecuencias do desmantelamento continuado da sanidade pública dirixido polo Partido Popular no conxunto do noso país.

Este concello das Mariñas contaba cun centro sanitario cun único profesional de medicina familiar e na actualidade volve estar sen facultativo dispoñíbel no centro de saúde.

Nos últimos meses as pacientes que acudían ao centro de saúde de Irixoa comprobaban en primeira persoa o total abandono por parte da Xunta: a consulta médica só atendía en días indeterminados e con horarios reducidos que non superaban as tres horas durante a mañá.

Esta situación, lonxe de se ir resolvendo por parte do goberno, avanza na desatención: nesta altura é imposible acceder a unha cita de medicina familiar antes dunha semana e só en horario de 8 a 10 da mañá.

Atopar unha cadeira baleira na consulta médica obriga os veciños e veciñas de Irixoa a se desprazaren a Betanzos, coa afectación que isto supón para a propia saúde





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das pacientes e mais co problema engadido de obrigar a dispor dun medio de desprazamento privado.

A veciñanza de Irixoa non atopa resposta ante o abandono da Xunta; un sentimento que partillamos desde o BNG quen, asemade, comproba máis unha vez a falta de decoro e respecto do PP pola cámara galega ao non ter respondido ás preguntas rexistradas o pasado 11 de novembro de 2024.

Á vista de que esta desatención da saúde vai en aumento, os veciños e veciñas de Irixoa trasládannos de novo ao grupo parlamentario do BNG unha preocupación que tamén medra polo desamparo que supón a perda continuada de acceso á sanidade pública de proximidade á que teñen dereito.

Desde o grupo parlamentario do BNG esiximos unha resposta por parte do goberno da Xunta

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

Cando vai a Xunta reestabelecer a oferta do servizo médico en horario completo no centro de saúde de Irixoa?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/01/2025 13:06:12

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2025 13:08:02



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

A nova lei de residuos establece uns obxectivos de obrigado cumprimento nun horizonte temporal, así os obxectivos de preparación para a reutilización e reciclaxe dos residuos domésticos municipais son do 55 % en 2025, 60 % en 2030 e 65 % en 2035.

Estes residuos, ademais, teñen unha restrición máxima de vertido do 10 % do total dos residuos municipais xerados en 2035.

A Consellería de Medio Ambiente ten a obriga de implementar as medidas e o financiamento necesario para o desenvolvemento de proxectos relativos á implementación da normativa de residuos e velar por unha xestión coordinada dos fondos.

A Lei de residuos establece como prioridades de actuación: medidas de prevención na xeración de residuos; o incremento progresivo da cantidade de residuos destinados á preparación para a reutilización e reciclaxe; a mellora da recollida separada en todo o territorio galego; ou o aumento da rede de puntos limpos de Galicia.

No marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do eixo/compoñente 12: política industrial de España 2030, medida/investimento 13: Plan de apoio á implementación da normativa de residuos e ao fomento da economía circular (residuos e economía circular), submedida 001: residuos e





economía circular, modalidade de financiamento 4620-MRR, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, a Xunta ditou a ORDE do 21 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, en réxime de concorrência competitiva para os anos 2023 e 2024.

Estas subvencións están destinadas á implementación de melloras nas instalacións existentes de puntos limpos, instalación de puntos limpos de proximidade, adquisición de puntos limpos móbiles e a creación de espazos de preparación para reutilización e a autorreparación.

Pola contra, en relación cos fondos propios da Xunta de Galicia da partida orzamentaria 541D destinada ao Control Ambiental e Xestión de Residuos no ano 2023 só foron executados o 68 % dos fondos, e o orzamento 2024 reduciu esta partida en 14.168 € menos, o que demostra a falla de interese deste goberno polo cumprimento destes obxectivos.

Así mesmo, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en colaboración coa Fegamp, organizou no ano 2016 unha xornada dedicada á xestión ambiental no eido local e, en particular, á xestión de puntos limpos, na que participaron representantes locais, autonómicos e estatais, e que tiña por finalidade repasar as novidades normativas en materia de residuos e presentar as axudas económicas previstas a nivel autonómico e estatal para a mellora de xestión ambiental no eido local. Xornada que entendemos sería indispensable neste momento pola necesidade de dar un impulso ás políticas que se veñen realizando en Galicia en materia de residuos, para a concienciación sobre a obriga de implementar medidas para o cumprimento da lei e por entender que o éxito nesta xestión pasa por unha actuación coordinada das diferentes administracións.





Tendo en conta o anteriormente exposto, desde o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o Goberno da Xunta ten que intensificar as súas políticas de xestión de residuos implementando as medidas e o financiamento necesario para o desenvolvemento de proxectos relativos ao cumprimento da normativa de residuos.

Mellorar o sistema e coordinación dos puntos limpos, dixitalizando, ampliando e actualizándoos, e organizar novamente unha xornada dedicada á xestión ambiental en colaboración coa Fegamp e coa participación dos representantes estatais co fin de planificar e coordinar as liñas de traballo cara ao cumprimento dos obxectivos legalmente establecidos.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai colaborar, o Goberno da Xunta, coas entidades locais no desenvolvemento de proxectos relativos ao cumprimento da normativa de residuos?
2. Entende este goberno que é preciso mellorar o sistema e coordinación dos puntos limpos dixitalizando, ampliando e actualizándoos?
3. Non ve necesario, este goberno, volver organizar unha xornada, similar a do ano 2016, dedicada á xestión ambiental co fin de planificar e coordinar as liñas de traballo cara ao cumprimento dos obxectivos legalmente establecidos?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 13:09:39
Nº Rexistro: 16482
Data envío: 09/01/2025 13:09:39.543

Asinado dixitalmente por:

**Paloma Castro Rey na data 09/01/2025
13:08:41**

**Carlos López Font na data 09/01/2025
13:08:47**





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 13:09:57
Nº Rexistro: 16483
Data envío: 09/01/2025 13:09:57.215

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Carlos López Font, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, **Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O sector sanitario ten un papel de "emisor activo" de carbono, xa que é responsable do, aproximadamente, 4,4 % das emisións mundiais netas.

Para loitar contra isto o Goberno de España aprobou o Programa de Actuación 2022-2023 do Plan Estratéxico de Saúde e Medio Ambiente (PESMA), un documento de referencia internacional que inclúe un total de 14 directrices para avanzar fronte aos riscos medioambientais a través da promoción de contornos saudables o a identificación de novas ameazas derivadas de factores ambientais, sobre todo á poboación mais vulnerable.

Hai un ano puxo en marcha o Observatorio de Saúde e Cambio Climático (OSCC), que impulsa accións que priorizan a saúde e a acción climática, en coordinación co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Entre estas medidas atópase o Plan para a redución da pegada de carbono no eido sanitario con medidas coma o uso de inhaladores de po seco e néboa fina para o tratamento de enfermidades respiratorias e a implantación de medidas para a reciclaxe dos mesmos.

Dende o Grupo Socialista cremos que o Sergas, que conta coas competencias en materia de xestión da sanidade en Galicia debe sumarse a este plan e adscribirse no "Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 13:09:57
Nº Rexistro: 16483
Data envío: 09/01/2025 13:09:57.215

absorción de dióxido de carbono” depende do MITECO co fin de que Galicia se implique na loita contra o cambio climático tamén dende o eido sanitario.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- a) Vai o Goberno galego colaborar co Estado nas medidas previstas para a redución da pegada de carbono no eido sanitario?
- b) Co fin de reducir a pegada de carbono, vai impulsar o Goberno galego o uso de inhaladores de po seco e néboa fina para o tratamento de enfermidades respiratorias e a implantar medidas para a reciclaxe dos mesmos?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

@PSdeG



CSV: B6P1S1RBD3J6A6Z7B0H42
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 13:09:57
Nº Rexistro: 16483
Data envío: 09/01/2025 13:09:57.215

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/01/2025 13:08:10

Carlos López Font na data 09/01/2025 13:08:19

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 13:08:27

CSV: B6P5TRB9C3R6a6z780H4.2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

O 28 de marzo aprobouse a Lei 7/23 de protección dos dereitos e o benestar dos animais co fin de dar resposta á crecente sensibilización da cidadanía e ante a necesidade de garantir a protección dos animais en xeral e, particularmente, dos animais que viven no entorno humano.

Esta lei recolle unha serie de conceptos e termos que unifican e harmonizan as definicións existentes nas normativas vixentes a nivel autonómico ou local, para unha mellor aplicación atendendo aos principios de eficacia e seguridade xurídica.

Establece a obriga ao resto de administracións públicas de cooperar e colaborar en materia de protección animal e compartir información que garanta o cumprimento dos obxectivos desta lei, mediante ferramentas que favorezan a coordinación como as seguintes:

- a) Convenios con outras administracións públicas orientados á sensibilización da sociedade contra calquera forma de maltrato animal.
- b) Protocolos, plans, instrumentos e proxectos de xestión de centros de protección animal.
- c) Creación dun marco cos requisitos mínimos dos centros de recollida e atención de animais.
- d) Un plan estatal de protección animal cada 3 anos coma un instrumento de planificación básico para o establecemento e a definición de obxectivos, accións e criterios encamiñados a erradicar da nosa





sociedade o maltrato animal en todas as súas vertentes e promover a acción coordinada das administracións públicas para a adopción de medidas que promovan a protección animal.

- e) Un plan estatístico nacional de protección animal encargado de promover a adopción de políticas públicas orientadas á mellora da calidade de vida dos animais dentro do marco das respectivas competencias.
- f) E un sistema central de rexistros para a protección animal que constituirá un sistema de información único, cuxo obxectivo fundamental é servir de apoio ás diferentes administracións públicas no exercicio das súas competencias en materia de protección e dereitos dos animais.

Desde o Grupo Socialista esiximos ao Goberno galego que cumpra a lei e as obrigas que esta impón transcorridos 6 meses desde a súa aprobación e unha vez finalizado o período de *vacatio legis*,

A Administración autonómica ten a obriga de fomentar a protección animal e previr o alto grado de abandono de animais do noso país, co establecemento da implicación aos poderes públicos e á cidadanía no respecto a todos os animais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan querén coñecer a resposta á seguinte pregunta:

Transcorrido un tempo prudencial desde a aprobación da Lei 7/23 do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, ¿cando ten previsto o Goberno galego cumprir as obrigas que nela se establecen implementando os mecanismos necesarios para facilitar a coordinación e colaboración co Estado en materia de protección e dereitos dos animais?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 13:10:10
Nº Rexistro: 16484
Data envío: 09/01/2025 13:10:10.777

Parlamento de Galicia, 8 de xaneiro de 2025

CSV: B0P5TRB9GnR5d4toR462
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

58187

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 13:10:10
Nº Rexistro: 16484
Data envío: 09/01/2025 13:10:10.777

Asinado dixitalmente por:

**Paloma Castro Rey na data 09/01/2025
13:07:49**

**Carlos López Font na data 09/01/2025
13:07:58**





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O día 6 de xuño de 2023 o conselleiro de Sanidade visitou as obras de ampliación do Hospital Montecelo en Pontevedra acompañado dunha delegación institucional.

Nesta visita manifestou que o nivel de execución desta obra era do 75 %, polo tanto, tiñan previsto que puiden comezar a funcionar este novo hospital a mediados do ano 2025, mentres que a cafetería e o novo aparcadoiro terían que esperar un ano e medio mais, ata finais de 2026.

Por outra banda, no mes de marzo o Goberno galego anunciou a creación, antes de decembro de 2024, de cinco centros de crise 24 horas no noso territorio situados nos hospitais Novoa Santos de Ferrol, Lucus Augusti de Lugo, Gil Casares de Santiago, Álvaro Cunqueiro de Vigo, e no PAC-Centro de Especialidades de Ourense.

A creación destes centros responde ao cumprimento do Pacto de Istambul e a un mandato do Ministerio de Igualdade para o cal transferiu a Galicia 5,9 millóns de euros procedentes dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) .

Desde o Grupo Socialista defendemos a existencia destes centros nas 7 grandes cidades para dar cumprimento ao establecido polo Consello de Europa que obriga a promover a creación, dos «centros de crises», como servizos públicos interdisciplinares de atención permanente, que ofrecen asistencia en crise para vítimas de violencias sexuais, aos seus familiares, e persoas do entorno.

E da forma prevista na *Lei* orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da *liberdade sexual*, polo que solicitamos ao goberno da Xunta que estableza para o ano 2025 coincidindo co inicio do funcionamento do novo Hospital Gran Montecelo, dous centros de crise para a área sanitaria





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 13:10:20
Nº Rexistro: 16485
Data envío: 09/01/2025 13:10:20.558

Pontevedra-Salnés, situados un neste centro e o outro no centro de saúde do Salnés.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Ten previsto o Goberno galego a creación de centros de crise 24 horas na área sanitaria Pontevedra-Salnés?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

CSV: BGPSTB9GLH3a27t462
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58190

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 13:10:20
Nº Rexistro: 16485
Data envío: 09/01/2025 13:10:20.558

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/01/2025 13:06:54

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 13:07:01

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2025 13:07:08

CSV: B0PIS0TB9GLH50a27t462
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4ª**.

O CEIP Torre de Illa situado no concello da Illa de Arousa e cuxa construción é da década dos 60, é un centro de referencia educativa no noso territorio, chegando incluso, no ano 2022 a recibir do Ministerio de Educación e Formación Profesional o premio nacional de «Buenas Prácticas en centros docentes» en recoñecemento á súa contribución á mellora da calidade educativa polo proxecto «Enredando coa pesca», que impulsaba actuacións dirixidas a promover a sostibilidade social, medioambiental e económica.

A pesares disto, a Xunta ten abandonado este colexio xa que nunha década non fixo nel ningún tipo de actuación de mellora nin acondicionamento polo que se atopa nun estado lamentable e que atenta contra o dereito dos alumnos a unha atención educativa de calidade.

